

«Artigo 312.

1. Serán castigados coas penas de prisión de dous a cinco anos e multa de seis a doce meses, os que trafiquen de maneira ilegal con man de obra.»

Disposición derradeira segunda. *Inclusión dun novo título XV bis no Código penal.*

Introdúcese un novo título XV bis coa seguinte redacción:

«Título XV bis. Delictos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros.

Artigo 318 bis.

1. Os que promovan, favorezan ou faciliten o tráfico ilegal de persoas desde, en tránsito ou con destino a España serán castigados coas penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de seis a doce meses.

2. Os que realicen as condutas descritas no número anterior con ánimo de lucro, ou empregando violencia, intimidación ou engano ou abusando dunha situación de necesidade da vítima, serán castigados coas penas de prisión de dous a catro anos e multa de doce a vintecatro meses.

3. Imporanse as penas correspondentes na súa metade superior ás previstas nos números anteriores se na comisión dos feitos se puxo en perigo a vida, a saúde ou a integridade das persoas ou se a vítima é menor de idade.

4. Nas mesmas penas do número anterior e ademais na inhabilitación absoluta de seis a doce anos incorrerán os que realicen os feitos valéndose da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público.

5. Imporanse as penas superiores en grao ás previstas nos números anteriores, nos seus respectivos casos, cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique a realizar tales actividades.»

Disposición derradeira terceira. *Modificacións nos artigos 515, 517 e 518 do Código penal.*

1. Engádese un novo número 6.º no artigo 515 coa seguinte redacción:

«6.º As que promovan o tráfico ilegal de persoas.»

2. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 517, que queda redactado da seguinte forma:

«Nos casos previstos nos números 1.º e 3.º ó 6.º do artigo 515 imporanse as seguintes penas:»

3. Modifícase o artigo 518, que queda redactado da seguinte forma:

«Os que coa súa cooperación económica ou de calquera outra clase, en todo caso relevante, favorezan a fundación, organización ou actividade das asociacións comprendidas nos números 1.º e 3.º ó 6.º do artigo 515, incorrerán na pena de prisión de un a tres anos, multa de doce a vintecatro meses, e inhabilitación para emprego ou cargo público por tempo de un a catro anos.»

Disposición derradeira cuarta. *Artigos non orgánicos.*

Os preceptos contidos nos artigos 10, 12, 13 e 14 non teñen carácter orgánico, e foron dictados en exercicio do disposto no artigo 149.1.2.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Apoio ó sistema de información de Schengen.*

O Goberno, no marco do previsto no Convenio de aplicación do Acordo de Schengen, adoptará cantas medidas sexan precisas para mante-la exactitude e a actualización dos datos do sistema de información de Schengen, facilitando o exercicio do dereito á rectificación ou supresión de datos ás persoas das que figuren os datos nel.

Disposición derradeira sexta. *Regulamento da lei.*

O Goberno no prazo de seis meses aprobará o regulamento desta lei orgánica.

Disposición derradeira sétima. *Información sobre a lei a organismos e organizacións interesados.*

Desde o momento da entrada en vigor desta lei, o Goberno adoptará as medidas necesarias para informar os funcionarios das diversas administracións públicas, os directivos de asociacións de inmigrantes, os colexios de avogados, os sindicatos e as organizacións non gubernamentais dos cambios que sobre a aplicación da normativa anterior supón a aprobación desta lei orgánica.

Disposición derradeira oitava. *Habilitación de créditos.*

O Goberno dictará as disposicións necesarias para lles facer fronte ós gastos orixinados pola aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor ós vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 11 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Esta lei orgánica inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 20, de data 24 de xaneiro de 2000)

641 *LEI ORGÁNICA 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. («BOE» 11, do 13-1-2000.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

1. A promulgación desta lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores era unha necesidade imposta polo establecido na Lei orgánica 4/1992, do 5 de xuño, sobre reforma da Lei reguladora da com-

petencia e o procedemento dos xulgados de menores; na moción aprobada polo Congreso dos Deputados o 10 de maio de 1994, e no artigo 19 da vixente Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

2. A Lei orgánica 4/1992, promulgada como consecuencia da sentenza do Tribunal Constitucional 36/1991, do 14 de febreiro, que declarou inconstitucional o artigo 15 da Lei de tribunais tutelares de menores, texto refundido do 11 de xuño de 1948, establece un marco flexible para que os xulgados de menores poidan determina-las medidas aplicables a estes en canto infractores penais, sobre a base de valorar especialmente o interese do menor, entendendo por menores para tales efectos as persoas comprendidas entre os doce e os dezaseis anos. Asemade, encoméndalle ó Ministerio Fiscal a iniciativa procesual, e concédelle amplas facultades para acorda-la terminación do proceso coa intención de evitar, dentro do posible, os efectos aflictivos que este pode chegar a producir. Así mesmo, configura o equipo técnico como instrumento imprescindible para acada-lo obxectivo que perseguen as medidas e termina establecendo un procedemento de natureza sancionadora-educativa, ó que lle outorga tódalas garantías derivadas do noso ordenamento constitucional, en sintonía co establecido na aludida sentenza do Tribunal Constitucional e co disposto no artigo 40 da Convención dos Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989.

Dado que a expresada lei orgánica se recoñecía a si mesma expresamente «o carácter dunha reforma urxente, que adianta parte dunha renovada lexislación sobre reforma de menores, que será obxecto de medidas lexislativas posteriores», é evidente a oportunidade desta lei orgánica, que constitúe esa necesaria reforma lexislativa, partindo dos principios básicos que xa guiaron a redacción daquela (especialmente, o principio do superior interese do menor), das garantías do noso ordenamento constitucional, e das normas de dereito internacional, con particular atención á citada Convención dos Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989, e esperando responder deste modo as expectativas creadas na sociedade española, por razóns en parte conxunturais e en parte permanentes, sobre este tema concreto.

3. Os principios expostos na moción aprobada unanimemente polo Congreso dos Deputados o día 10 de maio de 1994, sobre medidas para mellora-lo marco xurídico vixente de protección do menor, refírense esencialmente ó establecemento da maioría de idade penal nos dezoito anos e á promulgación «dunha lei penal do menor e xuvenil que recolla a esixencia de responsabilidade para os mozos infractores que non acadasen a maioría de idade penal, fundamentada en principios orientados cara á reeducación dos menores de idade infractores, con base nas circunstancias persoais, familiares e sociais, e que teña especialmente en conta as competencias das comunidades autónomas nesta materia...».

4. O artigo 19 do vixente Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, fixa efectivamente a maioría de idade penal nos dezoito anos e esixe a regulación expresa da responsabilidade penal dos menores desa idade nunha lei independente. Tamén para responder á devandita esixencia se aproba esta lei orgánica, aínda que o disposto neste punto no Código penal debe ser complementado nun dobre sentido. En primeiro lugar, asentando firmemente o principio de que a responsabilidade penal dos menores presenta, fronte á dos adultos, un carácter primordial de intervención educativa que transcende tódolos aspectos da súa regulación xurídica e que determina considerables diferencias entre o sentido e o procedemento das sancións nun e outro sector, sen prexuízo das garantías

comúns a todo xustizable. En segundo termo, a idade límite de dezoito anos establecida polo Código penal para se referir á responsabilidade penal dos menores precisa doutro límite mínimo a partir do cal comece a posibilidade de esixir esa responsabilidade e que se concretou nos catorce anos, con base na convicción de que as infraccións cometidas polos nenos menores desta idade son en xeral irrelevantes e que, nos escasos supostos en que aquelas poden producir alarma social, son suficientes para darlles unha resposta igualmente adecuada os ámbitos familiar e asistencial civil, sen necesidade da intervención do aparato xudicial sancionador do Estado.

5. Así mesmo, foron criterios orientadores da redacción desta lei orgánica, como non podía ser doutra maneira, os contidos na doutrina do Tribunal Constitucional, singularmente nos fundamentos xurídicos das sentencias 36/1991, do 14 de febreiro, e 60/1995, do 17 de marzo, sobre as garantías e o respecto ós dereitos fundamentais que necesariamente han de imperar no procedemento seguido ante os xulgados de menores, sen prexuízo das modulacións que, respecto do procedemento ordinario, permiten ter en conta a natureza e finalidade daquel tipo de proceso, dirixido á adopción dunhas medidas que, como xa se dixo, fundamentalmente non poden ser represivas, senón preventivo-especiais, orientadas cara á efectiva reinserción e o superior interese do menor, valorados con criterios que han de buscarse primordialmente no ámbito das ciencias non xurídicas.

II

6. Como consecuencia dos principios, criterios e orientacións a que se acaba de facer referencia, pode dicirse que a redacción desta lei orgánica foi conscientemente guiada polos seguintes principios xerais: natureza formalmente penal pero materialmente sancionadora-educativa do procedemento e das medidas aplicables ós infractores menores de idade, recoñecemento expreso de tódalas garantías que se derivan do respecto dos dereitos constitucionais e das especiais esixencias do interese do menor, diferenciación de diversos tramos para efectos procesuais e sancionadores na categoría de infractores menores de idade, flexibilidade na adopción e execución das medidas aconselladas polas circunstancias do caso concreto, competencia das entidades autonómicas relacionadas coa reforma e protección de menores para a execución das medidas impostas na sentenza e control xudicial desta execución.

7. Esta lei orgánica ten certamente a natureza de disposición sancionadora, pois desenvolve a esixencia dunha verdadeira responsabilidade xurídica ós menores infractores, aínda que referida especificamente á comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas polo Código penal e as restantes leis penais especiais. Ó pretender se-la reacción xurídica dirixida ó menor infractor unha intervención de natureza educativa, aínda que desde logo de especial intensidade, rexeitando expresamente outras finalidades esenciais do Dereito penal de adultos, como a proporcionalidade entre o feito e a sanción ou a intimidación dos destinatarios da norma, preténdese impedir todo aquilo que puidese ter un efecto contraproducente para o menor, como o exercicio da acción pola vítima ou por outros particulares.

E é que no dereito penal de menores debe primar, como elemento determinante do procedemento e das medidas que se adopten, o superior interese do menor, interese que debe ser valorado con criterios técnicos e non formalistas por equipos de profesionais especializados no ámbito das ciencias non xurídicas, sen prexuízo, por suposto, de adecua-la aplicación das medidas

a principios garantistas xerais tan indiscutibles como o principio acusatorio, o principio de defensa ou o principio de presunción de inocencia.

8. Sen embargo, a lei tampouco pode esquecer-lo interese propio do prexudicado ou vítima do feito cometido polo menor, e debe establecer un procedemento singular, rápido e pouco formalista para o resarcimento, se é o caso, de danos e perdas, dotando de amplas facultades o xuíz de menores para a incorporación ós autos de documentos e testemuños relevantes da causa principal. Neste ámbito de atención ós intereses e necesidades das vítimas, a lei introduce o principio en certo modo revolucionario da responsabilidade solidaria co menor responsable dos feitos dos seus pais, titores, acoñecedores ou gardadores, aínda que permitindo a moderación xudicial desta e recordando expresamente a aplicabilidade, de se-lo caso, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Así mesmo, a lei regula, para procedementos por delitos graves cometidos por maiores de dezaseis anos, un réxime de intervención do prexudicado para salvagarda-lo interese da vítima no esclarecemento dos feitos e o seu axuízamento pola orde xurisdiccional competente, sen contamina-lo procedemento propiamente educativo e sancionador do menor.

Esta lei arbitra un amplo dereito de participación ás vítimas ofrecéndolle-la oportunidade de intervir nas actuacións procesuais propondo e practicando proba, formulando conclusións e interpondo recursos. Sen embargo, esta participación establécese dun modo limitado xa que respecto dos menores non cabe recoñecerlles ós particulares o dereito a se constituíren propiamente en parte acusadora con plenitude de dereitos e cargas procesuais. Non existe aquí nin a acción particular dos prexudicados polo feito criminal, nin a acción popular dos cidadáns, porque nestes casos o interese prioritario para a sociedade e para o Estado coincide co interese do menor.

9. Conforme as orientacións declaradas polo Tribunal Constitucional, anteriormente aludidas, instáurase un sistema de garantías adecuado á pretensión procesual, asegurando que a imposición da sanción se efectuará tras vencer-la presunción de inocencia, pero sen obstaculiza-los criterios educativos e de valoración do interese do menor que presiden este proceso, facendo ó mesmo tempo un uso flexible do principio de intervención mínima, no sentido de dotar de relevancia as posibilidades de non apertura do procedemento ou renuncia a el, o resarcimento anticipado ou conciliación entre o infractor e a vítima, e os supostos de suspensión condicional da medida imposta ou de substitución desta durante a súa execución.

A competencia correspóndelle a un xuíz ordinario que, con categoría de maxistrado e preferentemente especialista, garante a tutela xudicial efectiva dos dereitos en conflito. A posición do Ministerio Fiscal é relevante, na súa dobre condición de institución que constitucionalmente ten encomendada a función de promover-la acción da xustiza e a defensa da legalidade, así como dos dereitos dos menores, velando polo interese destes. O letrado do menor ten participación en todas e cada unha das fases do proceso, coñece en todo momento o contido do expediente, pode propor probas e intervir en tódolos actos que se refiren á valoración do interese do menor e á execución da medida, da que pode solicita-la modificación.

A adopción de medidas cautelares segue o modelo de solicitude de parte, en audiencia contradictoria, na

que debe valorarse especialmente, unha vez máis, o superior interese do menor.

En defensa da unidade de doutrina, o sistema de recursos ordinario confíaselles ás salas de menores dos tribunais superiores de xustiza, que deberán crearse, as cales, coa inclusión de maxistrados especialistas, aseguran e reforzan a efectividade da tutela xudicial en relación coas finalidades que se propón a lei. No mesmo sentido, procede destaca-la instauración do recurso de casación para unificación de doutrina, reservado ós casos de maior gravidade, en paralelismo co proceso penal de adultos, reforzando a garantía da unidade de doutrina no ámbito do dereito sancionador de menores a través da xurisprudencia do Tribunal Supremo.

10. Conforme os principios sinalados, establécese, inequivocamente, o límite dos catorce anos de idade para lles esixir este tipo de responsabilidade sancionadora ós menores de idade penal e diferéncianse, no ámbito de aplicación da lei e da gradación das consecuencias polos feitos cometidos, dous tramos, de catorce a dezaes e de dezasete a dezoito anos, por presentaren un e outro grupo diferencias características que requiren, desde un punto de vista científico e xurídico, un tratamento diferenciado. A comisión de delitos que se caracterizan pola violencia, intimidación ou perigo para as persoas constituirán unha agravación específica no tramo dos maiores de dezaseis anos.

A aplicación desta lei ós maiores de dezoito anos e menores de vinteun, prevista no artigo 69 do Código penal vixente, poderá ser acordada polo xuíz atendendo as circunstancias persoais e o grao de madurez do autor, e a natureza e gravidade dos feitos. Estas persoas reciben, para os efectos desta lei, a denominación xenérica de «mozos».

Regúlanse expresamente, como situacións que requiren unha resposta específica, os supostos nos que o menor presente síntomas de alienación mental ou a concorrencia doutras circunstancias modificativas da súa responsabilidade, e o Ministerio Fiscal deberá promover, tanto a adopción das medidas máis adecuadas ó interese do menor que se atope en tales situacións, como a constitución dos organismos tutelares previstos polas leis. Tamén se establece que as accións ou omisións imprudentes non poidan ser sancionadas con medidas de internamento en réxime pechado.

11. Consonte as orientacións expostas, a lei establece un amplo catálogo de medidas aplicables, desde a referida perspectiva sancionadora-educativa, e deberá primar novamente o interese do menor na flexible adopción xudicial da medida máis idónea, dadas as características do caso concreto e da evolución persoal do sancionado durante a execución da medida. A concreta finalidade que as ciencias da conducta esixen perseguir con cada unha das medidas relacionadas detállase con carácter orientador na parte III desta exposición de motivos.

12. A execución das medidas xudicialmente impostas correspóndelles ás entidades públicas de protección e reforma de menores das comunidades autónomas, baixo o inescusable control do xuíz de menores. Mantense o criterio de que o interese do menor ten que ser atendido por especialistas nas áreas da educación e a formación, pertencentes a esferas de maior inmediación có Estado. O xuíz de menores, por instancia das partes e oídos os equipos técnicos do propio xulgado e da entidade pública da correspondente Comunidade Autónoma, dispón de amplas facultades para suspender ou substituír por outras as medidas impostas, naturalmente sen mingua das garantías procesuais que constitúen outro dos obxectivos primordiais da nova regulación, ou permiti-la participación dos pais do menor na aplicación e consecuencias daquelas.

13. Un interese particular revisten no contexto da lei os temas da reparación do dano causado e a conciliación do delincuente coa vítima como situacións que, en nome do principio de intervención mínima, e co concurso mediador do equipo técnico, poden dar lugar á non-incoación ou sobresemento do expediente, ou á finalización do cumprimento da medida imposta, nun claro predominio, unha vez máis, dos criterios educativos e resocializadores sobre os dunha defensa social esencialmente baseada na prevención xeral e que puidese resultar contraproducente para o futuro.

A reparación do dano causado e a conciliación coa vítima presentan o común denominador de que o ofensor e o prexudicado pola infracción chegan a un acordo, e o cumprimento deste por parte do menor termina co conflito xurídico iniciado pola súa causa. A conciliación ten por obxecto que a vítima reciba unha satisfacción psicolóxica por conta do menor infractor, quen debe arrepentirse do dano causado e estar disposto a desculpase. A medida aplicarase cando o menor efectivamente se arrepende e se desculpe, e a persoa ofendida o acepte e lle outorgue o seu perdón. Na reparación o acordo non se alcanza unicamente mediante a vía da satisfacción psicolóxica, senón que require algo máis: o menor executa o compromiso contraído coa vítima ou prexudicado de reparar-lo dano causado, ben mediante traballos en beneficio da comunidade, ben mediante accións, adaptadas ás necesidades do suxeito, que teñan como beneficiario a propia vítima ou prexudicado.

III

14. Na medida de amoestación, o xuíz, nun acto único que ten lugar na sede xudicial, maniféstalle ó menor de modo concreto e claro as razóns que fan socialmente intolerables os feitos cometidos, exponlle as consecuencias que para el e para a vítima tiveron ou puideron ter tales feitos, e formúlalle recomendacións para o futuro.

15. A medida de prestacións en beneficio da comunidade, que, en consonancia co artigo 25.2 da nosa Constitución, non poderá imporse sen consentimento do menor, consiste en realizar unha actividade, durante un número de sesións previamente fixado, ben sexa en beneficio da colectividade no seu conxunto, ou ben de persoas que se atopen nunha situación de precariedade por calquera motivo. Preferentemente, buscarase relación-la natureza da actividade en que consista esta medida coa dos bens xurídicos afectados polos feitos cometidos polo menor.

O característico desta medida é que o menor debe comprender, durante a súa realización, que a colectividade ou determinadas persoas sufriron de modo inxustificadamente unhas consecuencias negativas derivadas da súa conducta. Preténdese que o suxeito comprenda que actuou de modo incorrecto, que merece o reproche formal da sociedade, e que a prestación dos traballos que se lle esixen é un acto de reparación xusto.

16. As medidas de internamento responden a unha maior perigosidade, manifestada na natureza peculiarmente grave dos feitos cometidos, caracterizados nos casos máis destacados pola violencia, a intimidación ou o perigo para as persoas. O obxectivo prioritario da medida é dispor dun ambiente que provexa as condicións educativas adecuadas para que o menor poida reorientar aquelas disposicións ou deficiencias que caracterizaron o seu comportamento antisocial, cando para iso sexa necesario, polo menos de maneira temporal, asegurala a súa liberdade. A maior ou menor intensidade de tal restricción dá lugar ós diversos tipos de internamento, ós que se vai aludir a continuación. O internamento,

en todo caso, debe proporcionar un clima de seguridade persoal para tódolos implicados, profesionais e menores infractores, o que fai imprescindible que as condicións de estadía sexan as correctas para o normal desenvolvemento psicolóxico dos menores.

O internamento en réxime pechado pretende a adquisición por parte do menor dos suficientes recursos de competencia social para permitir un comportamento responsable na comunidade, mediante unha xestión de control nun ambiente restrictivo e progresivamente autónomo.

O internamento en réxime semiaberto implica a existencia dun proxecto educativo no que, desde o principio, os obxectivos substanciais se realizan en contacto con persoas e institucións da comunidade, tendo o menor a súa residencia no centro, suxeito ó programa e réxime interno deste.

O internamento en réxime aberto implica que o menor levará a cabo tódalas actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados do contorno, e residirá no centro como domicilio habitual.

O internamento terapéutico prevese para aqueles casos nos que os menores, ben por razón da súa adición ó alcohol ou a outras drogas, ben por disfuncións significativas no seu psiquismo, precisan dun contexto estruturado no que poderen realizar unha programación terapéutica, non dándose, nin, dunha parte, as condicións idóneas no menor ou no seu contorno para o tratamento ambulatorio, nin, doutra parte, as condicións de risco que esixirían a aplicación a aquel dun internamento en réxime pechado.

17. Na asistencia a un centro de día, o menor é derivado a un centro plenamente integrado na comunidade, onde se realizan actividades educativas de apoio á súa competencia social. Esta medida serve ó propósito de lle proporcionar a un menor un ambiente estruturado durante boa parte do día, no que se leven a cabo actividades socioeducativas que poidan compensar-las carencias do ambiente familiar daquel. O característico do centro de día é que nese lugar é onde toma corpo o esencial do proxecto socioeducativo do menor, aínda que este pode asistir tamén a outros lugares para facer uso doutros recursos de lecer ou culturais. O sometido a esta medida pode, polo tanto, continuar residindo no seu fogar, ou no da súa familia, ou no establecemento de acollida.

18. Na medida de liberdade vixiada, o menor infractor está sometido, durante o tempo establecido na sentenza, a unha vixilancia e supervisión por conta de persoal especializado, co fin de adquirir as habilidades, capacidades e actitudes necesarias para un correcto desenvolvemento persoal e social. Durante o tempo que dure a liberdade vixiada, o menor tamén deberá cumprirlas obrigas e prohibicións que, de acordo con esta lei, o xuíz pode impoñerlle.

19. A realización de tarefas socioeducativas consiste en que o menor leve a cabo actividades específicas de contido educativo que faciliten a súa reinserción social. Pode ser unha medida de carácter autónomo ou formar parte doutra máis complexa. Empregada de modo autónomo, pretende satisfacer necesidades concretas do menor percibidas como limitadoras do seu desenvolvemento integral. Pode supo-la asistencia e participación do menor a un programa xa existente na comunidade, ou a un creado ad hoc polos profesionais encargados de executa-la medida. Como exemplos de tarefas socioeducativas, pódense mencionalas seguintes: asistir a un taller ocupacional, a unha aula de educación compensatoria ou a un curso de preparación para o emprego; participar en actividades estruturadas de animación sociocultural, asistir a talleres de aprendizaxe para a competencia social, etc.

20. O tratamento ambulatorio é unha medida destinada ós menores que dispoñen das condicións adecuadas na súa vida para se beneficiaren dun programa terapéutico que lles axuda a superar procesos adictivos ou disfuncións significativas do seu psiquismo. Previsto para os menores que presenten unha dependencia ó alcohol ou ás drogas, e que no seu mellor interese poidan ser tratados desta na comunidade, na súa realización poden combinarse diferentes tipos de asistencia médica e psicolóxica. Resulta moi apropiado para casos de desequilibrio psicolóxico ou perturbacións do psiquismo que poidan ser atendidos sen necesidade de internamento. A diferenza máis clara coa tarefa socioeducativa é que esta pretende lograr unha capacitación, un logro de aprendizaxe, empregando unha metodoloxía, non tanto clínica, senón de orientación psicoeducativa. O tratamento ambulatorio tamén pode entenderse como unha tarefa socioeducativa moi específica para un problema ben definido.

21. A permanencia de fin de semana é a expresión que define a medida pola que un menor se ve obrigado a permanecer no seu fogar desde a tarde ou noite do venres ata a noite do domingo, agás o tempo en que realice as tarefas socioeducativas asignadas polo xuíz. Na práctica, combina elementos do arresto de fin de semana e da medida de tarefas socio-educativas ou prestacións en beneficio da comunidade. É adecuada para menores que cometen actos de vandalismo ou agresións leves nas fins de semana.

22. A convivencia cunha persoa, familia ou grupo educativo é unha medida que intenta proporcionarlle ó menor un ambiente de socialización positivo, mediante a súa convivencia, durante un período determinado polo xuíz, cunha persoa, cunha familia distinta á súa ou cun grupo educativo que se ofrezca a cumprila función da familia no que respecta ó desenvolvemento de pautas socioafectivas prosociais no menor.

23. A privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou de licencias administrativas para caza ou para o uso de calquera tipo de armas, é unha medida accesoria que se poderá impor naqueles casos nos que o feito cometido teña relación coa actividade que realiza o menor e que esta necesite autorización administrativa.

24. Por último, procede poñer de manifesto que os principios científicos e os criterios educativos a que deben responder cada unha das medidas, aquí sucintamente expostos, terán que se regular máis extensamente no regulamento que no seu día se dicte en desenvolvemento desta lei orgánica.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Declaración xeral.*

1. Esta lei aplicarase para esixir-la responsabilidade das persoas maiores de catorce anos e menores de dezaioito pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou nas leis penais especiais.

2. Tamén se lles aplicará o disposto nesta lei para os menores ás persoas maiores de dezaioito anos e menores de vinteun, nos termos establecidos no seu artigo 4.

3. As persoas ás que se lles aplique esta lei gozarán de tódolos dereitos recoñecidos na Constitución e no ordenamento xurídico, particularmente na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, así como na Convención sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989 e en todas aquelas normas sobre protección de menores contidas nos tratados validamente subscritos por España.

4. Para o efecto de designa-las persoas ás que se lles aplica esta lei, no seu articulado utilízase o termo menores para referirse ás que non cumpriron dezaioito anos, e o de mozos para referirse ás maiores desa idade.

Sen prexuízo do anterior, cando esta lei se refira xenericamente ó menor ou ós menores, entenderase que o fai a tódolos incluídos no seu ámbito de aplicación.

TÍTULO I

O ámbito de aplicación da lei

Artigo 2. *Competencia dos xuíces de menores.*

1. Os xuíces de menores serán competentes para coñecer dos feitos cometidos polas persoas mencionadas no artigo 1 desta lei, así como para facer executa-las súas sentencias, sen prexuízo das facultades atribuídas por esta lei ás comunidades autónomas respecto á protección e reforma de menores.

2. Os xuíces de menores serán así mesmo competentes para resolver sobre as responsabilidades civís derivadas dos feitos cometidos polas persoas ás que lles resulta aplicable esta lei.

3. A competencia correspóndelle ó xuíz de menores do lugar onde se cometese o feito delictivo, sen prexuízo do establecido no artigo 20.3 desta lei.

Artigo 3. *Réxime dos menores de catorce anos.*

Cando o autor dos feitos mencionados nos artigos anteriores sexa menor de catorce anos, non se lle esixirá responsabilidade consonte esta lei, senón que se lle aplicará o disposto nas normas sobre protección de menores previstas no Código civil e nas demais disposicións vixentes. O Ministerio Fiscal deberalle remitir á entidade pública de protección de menores testemuño dos particulares que considere precisos respecto ó menor, co fin de valorala súa situación, e esta entidade deberá promovelas medidas de protección adecuadas ás circunstancias daquel conforme o disposto na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

Artigo 4. *Réxime dos maiores de dezaioito anos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 69 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, esta lei aplicaráselles ás persoas maiores de dezaioito anos e menores de vinteun imputadas na comisión de feitos delictivos, cando o xuíz de instrucción competente, oídos o Ministerio Fiscal, o letrado do imputado e o equipo técnico a que se refire o artigo 27 desta lei, así o declare expresamente mediante auto.

2. Serán condicións necesarias para a aplicación do disposto no número anterior as seguintes:

1.^a Que o imputado cometese unha falta, ou un delito menos grave sen violencia ou intimidación nas persoas nin grave perigo para a vida ou a integridade física destas, tipificados no Código penal ou nas leis penais especiais.

2.^a Que non fose condenado en sentenza firme por feitos delictivos cometidos unha vez cumpridos os dezaioito anos. Para tal efecto non se terán en conta as anteriores condenas por delitos ou faltas imprudentes nin os antecedentes penais que fosen cancelados, ou que debesen selo conforme o disposto no artigo 136 do Código penal.

3.^a Que as circunstancias persoais do imputado e o seu grao de madurez aconsellen a aplicación desta lei, especialmente cando así o recomendase o equipo técnico no seu informe.

3. Contra o auto que resolva o indicado nos números anteriores, caberá recurso de apelación no prazo de tres días, do que coñecerá a sala de menores do tribunal superior de xustiza correspondente, sen previo recurso de reforma. A apelación substanciarase conforme o réxime xeral establecido na Lei de axuízamento criminal.

Do mencionado auto, unha vez firme, darase traslado ó Ministerio Fiscal para a tramitación do procedemento previsto nesta lei.

Artigo 5. *Bases da responsabilidade dos menores.*

1. Os menores serán responsables consonte esta lei cando cometesen os feitos ós que se refire o artigo 1 e non concorran neles ningunha das causas de exención ou extinción da responsabilidade criminal previstas no vixente Código penal.

2. Malia o anterior, ós menores nos que concorran as circunstancias previstas nos números 1.º, 2.º e 3.º do artigo 20 do vixente Código penal seranlles aplicables, en caso necesario, as medidas terapéuticas ás que se refire o artigo 7.1, letras d) e e), desta lei.

3. As idades indicadas no articulado desta lei débense entender sempre referidas ó momento da comisión dos feitos, sen que o feito de as superar antes do comezo do procedemento ou durante a súa tramitación teña ningunha incidencia sobre a competencia atribuída por esta mesma lei ós xuíces e fiscais de menores.

Artigo 6. *A intervención do Ministerio Fiscal.*

Correspóndelle ó Ministerio Fiscal a defensa dos dereitos que ós menores lles recoñecen as leis, así como a vixilancia das actuacións que deban efectuarse no seu interese e a observancia das garantías do procedemento, para o cal dirixirá persoalmente a investigación dos feitos e ordenará que a policía xudicial practique as actuacións necesarias para a comprobación daqueles e da participación do menor neles, impulsando o procedemento.

TÍTULO II

As medidas

Artigo 7. *Enumeración das medidas susceptibles de lles seren impostas ós menores.*

1. As medidas que os xuíces de menores poden impor, ordenadas segundo a restricción de dereitos que supoñen, son as seguintes:

a) Internamento en réxime pechado. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro e desenvolverán nel as actividades formativas, educativas, laborais e de lecer.

b) Internamento en réxime semiaberto. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro, pero realizarán fóra del actividades formativas, educativas, laborais e de lecer.

c) Internamento en réxime aberto. As persoas sometidas a esta medida levarán a cabo tódalas actividades do proxecto educativo nos servicios normalizados do contorno, e residirán no centro como domicilio habitual, con suxeición ó programa e réxime interno deste.

d) Internamento terapéutico. Nos centros desta natureza realizarase unha atención educativa especializada ou tratamento específico dirixido a persoas que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, un estado de dependencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que determinen unha alteración grave da conciencia

da realidade. Esta medida poderá aplicarse soa ou como complemento doutra medida prevista neste artigo. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz deberá aplicarlle outra medida adecuada ás súas circunstancias.

e) Tratamento ambulatorio. As persoas sometidas a esta medida deberán asistir ó centro designado coa periodicidade requirida polos facultativos que as atendan e seguir-las pautas fixadas para o adecuado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ó consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que padezan. Esta medida poderá aplicarse soa ou como complemento doutra medida prevista neste artigo. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz deberá aplicarlle outra medida adecuada ás súas circunstancias.

f) Asistencia a un centro de día. As persoas sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán a un centro, plenamente integrado na comunidade, a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de lecer.

g) Permanencia de fin de semana. As persoas sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ou nun centro ata un máximo de trinta e seis horas entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, agás o tempo que deban dedicar ás tarefas socioeducativas asignadas polo xuíz.

h) Liberdade vixiada. Nesta medida débese facer un seguimento da actividade da persoa sometida a ela e da súa asistencia á escola, ó centro de formación profesional ou ó lugar de traballo, segundo os casos, procurando axudar a aquela a supera-los factores que determinaron a infracción cometida. Así mesmo, esta medida obriga, se é o caso, a seguir-las pautas socioeducativas que sinala a entidade pública ou o profesional encargado do seu seguimento, de acordo co programa de intervención elaborado para o efecto e aprobado polo xuíz de menores. A persoa sometida á medida tamén queda obrigada a manter co dito profesional as entrevistas establecidas no programa e a cumprir, de se-lo caso, as regras de conducta impostas polo xuíz, que poderán ser algunha ou algunhas das seguintes:

1.ª Obriga de asistir con regularidade ó centro docente correspondente, se o interesado está no período do ensino básico obrigatorio, e acreditar ante o xuíz a dita asistencia regular ou xustificar, de se-lo caso, as ausencias, cantas veces for requirido para iso.

2.ª Obriga de someterse a programas de tipo formativo, cultural, educativo, profesional, laboral, de educación sexual, de educación vial ou outros similares.

3.ª Prohibición de acudir a determinados lugares, establecementos ou espectáculos.

4.ª Prohibición de ausentarse do lugar de residencia sen autorización xudicial previa.

5.ª Obriga de residir nun lugar determinado.

6.ª Obriga de comparecer persoalmente ante o xulgado de menores ou profesional que se designe, para informar das actividades realizadas e xustificalas.

7.ª Calquera outra obriga que o xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, considere conveniente para a reinserción social do sentenciado, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa.

i) Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta á súa ou cun grupo educativo, adecuadamente seleccionados para orientala no seu proceso de socialización.

j) Prestacións en beneficio da comunidade. A persoa sometida a esta medida, que non poderá imporse sen o seu consentimento, debe realiza-las actividades non

retribuídas que se lle indiquen, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade. Buscarase relaciona-la natureza destas actividades coa natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos polo menor.

k) Realización de tarefas socioeducativas. A persoa sometida a esta medida debe realizar, sen internamento nin liberdade vixiada, actividades específicas de contido educativo dirixidas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social.

l) Amoestación. Esta medida consiste na repreensión da persoa levada a cabo polo xuíz de menores e dirixida a lle facer comprende-la gravidade dos feitos cometidos e as consecuencias que estes tiveron ou puideron ter, instándoo a non volver a cometer tales feitos no futuro.

m) Privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou das licencias administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas. Esta medida poderá imporse como accesoria cando o delito ou falta se cometese utilizando un ciclomotor ou un vehículo de motor, ou unha arma, respectivamente.

2. As medidas de internamento constarán de dous períodos: o primeiro levarase a cabo no centro correspondente, conforme a descrición efectuada no número anterior deste artigo; o segundo levarase a cabo en réxime de liberdade vixiada, na modalidade elixida polo xuíz. A duración total non excederá do tempo que se expresa no artigo 9. O equipo técnico deberá informar respecto do contido de ámbolos períodos, e o xuíz expresará a duración de cada un na sentenza.

3. Para a elección da medida ou medidas adecuadas, tanto polo Ministerio Fiscal e o letrado do menor nas súas postulacións como polo xuíz na sentenza, debebase atender de modo flexible, non só á proba e valoración xurídica dos feitos, senón especialmente á idade, as circunstancias familiares e sociais, a personalidade e o interese do menor, postos de manifesto os dous últimos nos informes dos equipos técnicos e, se é o caso, das entidades públicas de protección e reforma de menores emitidos conforme o disposto no artigo 27 desta lei. O xuíz deberá motiva-la sentenza, expresando con detalle as razóns polas que aplica unha determinada medida, así como o prazo de duración dela, para os efectos da valoración do mencionado interese do menor.

Artigo 8. *Principio acusatorio.*

O xuíz de menores non poderá impor unha medida que supoña unha maior restricción de dereitos nin por un tempo superior á medida solicitada polo Ministerio Fiscal.

Tampouco poderá exceder-la duración das medidas privativas de liberdade recollidas no artigo 7.1.a), b), c), d) e g), en ningún caso, do tempo que durase a pena privativa de liberdade que se lle impuxese polo mesmo feito, se o suxeito, de ser maior de idade, fose declarado responsable, de acordo co Código penal.

Artigo 9. *Regras para a aplicación das medidas.*

Malia o establecido no artigo 7.3, a aplicación das medidas aterase ás seguintes regras:

1.^a Cando os feitos cometidos sexan cualificados de falta, só se poderán impoñer-las medidas de amoestación, permanencia de fin de semana ata un máximo de catro fins de semana, prestacións en beneficio da comunidade ata cincuenta horas, e privación do permiso de conducir ou doutras licencias administrativas.

2.^a A medida de internamento en réxime pechado só poderá ser aplicable cando na descrición e cualifi-

cación xurídica dos feitos se estableza que na súa comisión se empregou violencia ou intimidación sobre as persoas ou se actuou con grave risco para a vida ou a integridade física delas.

3.^a A duración das medidas non poderá exceder de dous anos, computándose, se é o caso, para estes efectos, o tempo xa cumprido polo menor en medida cautelar, conforme o disposto no artigo 28.5 desta lei. A medida de prestacións en beneficio da comunidade non poderá supera-las cen horas. A medida de permanencia de fin de semana non poderá supera-las oito fins de semana.

4.^a No caso de persoas que tivesen os dezaseis anos cumpridos no momento da comisión dos feitos, o prazo de duración das medidas poderá alcanzar un máximo de cinco anos, sempre que o delito fose cometido con violencia ou intimidación sobre as persoas ou con grave risco para a vida ou a integridade física destas, e o equipo técnico, no seu informe, aconselle a prolongación da medida. Nestes supostos, a medida de prestacións en beneficio da comunidade poderá alcanza-las duascenas horas, e a de permanencia de fin de semana, dezaseis fins de semana.

5.^a Excepcionalmente, cando os supostos previstos na regra anterior revestisen extrema gravidade, apreciada expresamente na sentenza, o xuíz deberá impor unha medida de internamento de réxime pechado dun a cinco anos de duración, complementada sucesivamente por outra medida de liberdade vixiada con asistencia educativa ata un máximo doutros cinco anos. Só poderá facerse uso do disposto nos artigos 14 e 51.1 desta lei unha vez transcorrido o primeiro ano de cumprimento efectivo da medida de internamento.

A medida de liberdade vixiada deberá ser ratificada mediante auto motivado, logo de audiencia do Ministerio Fiscal, do letrado do menor e do representante da entidade pública de protección ou reforma de menores, ó finaliza-lo internamento, e será levada a cabo polas institucións públicas encargadas do cumprimento das penas, conforme o establecido no artigo 105.1 do vixente Código penal.

Para os efectos deste artigo, entenderanse supostos de extrema gravidade aqueles nos que se apreciase reincidencia e, en todo caso, os delitos de terrorismo e os constitutivos de actos de favorecemento, apoio ou reclamo da actividade de bandas, organizacións ou grupos terroristas, así como os de asasinato ou homicidio doloso, e a agresión sexual recollida nos artigos 179 e 180 do Código penal.

6.^a As accións ou omisións imprudentes non poderán ser sancionadas con medidas de internamento en réxime pechado.

7.^a Cando na postulación do Ministerio Fiscal ou na resolución dictada no procedemento se aprecien algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 5.2 desta lei, só poderán aplicarse as medidas terapéuticas descritas no seu artigo 7.1, letras d) e e).

Artigo 10. *A prescripción.*

1. Os feitos delictivos cometidos polos menores prescriben:

1.^o Ós cinco anos, cando se trate dun delito grave sancionado no Código penal con pena superior a dez anos.

2.^o Ós tres anos, cando se trate de calquera outro delito grave.

3.^o Ó ano, cando se trate dun delito menos grave.

4.^o Ós tres meses, cando se trate dunha falta.

2. As medidas que teñan un prazo superior ós dous anos prescribirán ós tres anos. As restantes medidas

prescribirán ós dous anos, excepto a amoestación, as prestacións en beneficio da comunidade e o arresto con tarefas de fin de semana, que prescribirán ó ano.

3. Os feitos delictivos cometidos por maiores de dezaoto anos e menores de vinteún prescribirán conxuntamente as normas contidas no Código penal.

Artigo 11. *Concurso de infraccións.*

1. Ó menor responsable dunha pluralidade de feitos imporáselle unha ou varias medidas, tendo en conta os criterios expresados nos artigos 7.3 e 9 desta lei.

2. Sen embargo, cando unha mesma conducta sexa constitutiva de dous ou máis infraccións, ou unha conducta sexa medio necesario para a comisión doutra, terase en conta exclusivamente a máis grave delas para a aplicación da medida correspondente.

Artigo 12. *Infracción continuada ou con pluralidade de vítimas.*

Nos supostos de infracción continuada ou dunha soa infracción con pluralidade de vítimas, o xuíz imporalle á persoa sentenciada unha soa medida, tomando como referencia o máis grave dos feitos cometidos, na máxima extensión daquela conforme as regras do artigo 9, agás cando o interese do menor aconselle a imposición da medida nunha extensión inferior.

Artigo 13. *Imposición de varias medidas.*

Cando á persoa sentenciada se lle impuxesen varias medidas no mesmo procedemento e non puidesen ser cumpridas simultaneamente, o xuíz, por proposta do Ministerio Fiscal e do letrado do menor, oídos o representante do equipo técnico e a entidade pública de protección ou reforma de menores, poderá substituír todas ou algunha delas, ou establece-lo seu cumprimento sucesivo, sen que neste caso o prazo total de cumprimento poida supera-lo dobre do tempo polo que se lle impuxese a máis grave delas.

Artigo 14. *Modificación da medida imposta.*

1. O xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor, logo de audiencia destes e informe do equipo técnico e, se é o caso, da entidade pública de protección ou reforma de menores, poderá en calquera momento deixar sen efecto a medida imposta, reduci-la súa duración ou substituíla por outra, sempre que a modificación redunde no interese do menor e se lle exprese suficientemente a este o reproche merecido pola súa conducta.

2. Nos casos anteriores, o xuíz resolverá por auto motivado, contra o cal se poderán interpoñer os recursos previstos nesta lei.

Artigo 15. *Maioría de idade do condenado.*

Cando o menor a quen se lle impuxese unha medida das establecidas nesta lei alcanzase a maioría de idade, continuará o cumprimento da medida ata alcanza-los obxectivos propostos na sentenza en que se lle impuxo conforme os criterios expresados nos artigos anteriores.

Malia o sinalado no parágrafo anterior, cando as medidas de internamento lle sexan impostas a quen tivese vintetrés anos de idade ou, tendo sido impostas, non finalizase o seu cumprimento ó alcanza-lo mozo a dita idade, o xuíz de menores, oído o Ministerio Fiscal, sen prexuízo do disposto nos artigos 14 e 51 desta lei, ordenará o seu cumprimento en centro penitenciario conforme o réxime ordinario previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria.

TÍTULO III

A instrucción do procedemento

CAPÍTULO I

Regras xerais

Artigo 16. *Incoación do expediente.*

1. Correspóndelle ó Ministerio Fiscal a instrucción dos procedementos polos feitos ós que se refire o artigo 1 desta lei.

2. Quen tiver noticia dalgún feito dos indicados no punto anterior, presuntamente cometido por un menor de dezaoto anos, deberá poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal, o cal admitirá ou non a trámite a denuncia, segundo que os feitos sexan ou non indiciariamente constitutivos de delicto; custodiará as pezas, documentos e efectos que lle fosen remitidos, e practicará, de se-lo caso, as dilixencias que coide pertinentes para a comprobación do feito e da responsabilidade do menor na súa comisión, podendo resolve-lo arquivo das actuacións cando os feitos non constitúan delicto ou non teñan autor coñecido. A resolución recaída sobre a denuncia deberá notificárselle a quen a formulase.

3. Unha vez efectuadas as actuacións indicadas no número anterior, o Ministerio Fiscal dará conta da incoación do expediente ó xuíz de menores, quen iniciará as dilixencias de trámite correspondentes.

4. O xuíz de menores abrirá ó propio tempo a peza separada de responsabilidade civil, que se tramitará conforme o establecido nas regras do artigo 64 desta lei.

5. Cando os feitos mencionados no artigo 1 fosen cometidos conxuntamente por maiores de idade penal e por persoas das idades indicadas no mesmo artigo 1 e no 4 desta lei, nos seus respectivos casos, o xuíz de instrucción competente para o coñecemento da causa, tan pronto como comprobe a idade dos imputados, adoptará as medidas necesarias para asegura-lo éxito da actividade investigadora respecto dos maiores de idade e ordenará remitir-lle testemuño dos particulares precisos ó Ministerio Fiscal, para os efectos previstos no número 2 deste artigo.

Artigo 17. *Detención dos menores.*

1. As autoridades e funcionarios que interveñan na detención dun menor deberán practicala na forma que menos o prexudique e estarán obrigados a informalo, nunha linguaxe clara e comprensible e de forma inmediata, dos feitos que se lle imputan, das razóns da súa detención e dos dereitos que o asisten, especialmente os recoñecidos no artigo 520 da Lei de axuízamento criminal, así como a garanti-lo respecto destes. Tamén lles deberán notificar inmediatamente o feito da detención e o lugar da custodia ós representantes legais do menor e ó Ministerio Fiscal. Se o menor detido fose estranxeiro, o feito da detención notificaráselles ás correspondentes autoridades consulares cando o menor tivese a súa residencia habitual fóra de España ou cando así o solicitasen o propio menor ou os seus representantes legais.

2. Toda declaración do detido se levará a cabo en presenza do seu letrado e daqueles que exerzan a patria potestade, tutela ou garda do menor —de feito ou de dereito—, agás que, neste último caso, as circunstancias aconsellen o contrario. En defecto destes últimos, a declaración levarase a cabo en presenza do Ministerio Fiscal, representado por persoa distinta do instructor do expediente.

3. Mentres dure a detención, os menores deberán acharse custodiados en dependencias adecuadas e sepa-

radas das que se utilicen para os maiores de idade, e recibirán os cuidados, protección e asistencia social, psicolóxica, médica e física que requiran, tendo en conta a súa idade, sexo e características individuais.

4. A detención dun menor por funcionarios de policía non poderá durar máis tempo do estrictamente necesario para a realización das indagacións tendentes ó esclarecemento dos feitos e, en todo caso, dentro do prazo máximo de vinte e catro horas, o menor detido deberá ser posto en liberdade ou á disposición do Ministerio Fiscal. Aplicarase, de se-lo caso, o disposto no artigo 520 bis da Lei de axuízamento criminal, atribuíndolle a competencia para as resolucións xudiciais previstas no dito precepto ó xuíz de menores.

5. Cando o detido sexa posto á disposición do Ministerio Fiscal, este deberá resolver, dentro das corenta e oito horas a partir da detención, sobre a posta en liberdade do menor, sobre o desistimento ó que se refire o artigo seguinte, ou sobre a incoación do expediente, e porá aquel á disposición do xuíz de menores competente e instará deste as oportunas medidas cautelares, consonte o establecido no artigo 28.

6. O xuíz competente para o procedemento de hábeas corpus en relación a un menor será o xuíz de instrución do lugar no que se atope o menor privado de liberdade; se non constase, o do lugar onde se produciu a detención, e, en defecto dos anteriores, o do lugar onde se tivesen as últimas noticias sobre o paradiro do menor detido.

Cando o procedemento de hábeas corpus sexa instado polo propio menor, a forza pública responsable da detención notificarallo inmediatamente ó Ministerio Fiscal, ademais de lle dar curso ó procedemento conforme a lei orgánica reguladora.

Artigo 18. *Desistimento da incoación do expediente por corrección no ámbito educativo e familiar.*

O Ministerio Fiscal poderá desistir da incoación do expediente cando os feitos denunciados constitúan delitos menos graves sen violencia ou intimidación nas persoas, ou faltas, tipificados no Código penal ou nas leis penais especiais. En tal caso, o Ministerio Fiscal daralle traslado do actuado á entidade pública de protección de menores para a aplicación do establecido no artigo 3 desta lei. O disposto neste punto entenderase sen prexuízo da tramitación da correspondente peza de responsabilidade civil.

Non obstante, cando conste que o menor cometeu con anterioridade outros feitos da mesma natureza, o Ministerio Fiscal deberá incoa-lo expediente e, de se-lo caso, actuar conforme autoriza o artigo 27.4 desta lei.

Artigo 19. *Sobresemento do expediente por conciliación ou reparación entre o menor e a vítima.*

1. Tamén poderá o Ministerio Fiscal desistir da continuación do expediente, atendendo a gravidade e circunstancias dos feitos e do menor, de modo particular a falta de violencia ou intimidación graves na comisión dos feitos, e a circunstancia de que ademais o menor se conciliase coa vítima ou asumise o compromiso de reparalo dano causado á vítima ou ó prexudicado polo delito, ou se comprometese a cumprila actividade educativa proposta polo equipo técnico no seu informe.

O desistimento na continuación do expediente só será posible cando o feito imputado ó menor constituía delito menos grave ou falta.

2. Para efectos do disposto no número anterior, entenderase producida a conciliación cando o menor recoñeza o dano causado e se desculpe ante a vítima, e esta acepte as súas desculpas, e entenderase por repa-

ración o compromiso asumido polo menor coa vítima ou prexudicado de realizar determinadas accións en beneficio daqueles ou da comunidade, seguido da súa realización efectiva. Todo iso sen prexuízo do acordo ó que chegasen as partes en relación co exercicio da acción por responsabilidade civil derivada do delito ou falta, regulada nesta lei.

3. O correspondente equipo técnico realizará as funcións de mediación entre o menor e a vítima ou prexudicado, para os efectos indicados nos números anteriores, e informará o Ministerio Fiscal dos compromisos adquiridos e do seu grao de cumprimento.

4. Unha vez producida a conciliación ou cumpridos os compromisos de reparación asumidos coa vítima ou prexudicado polo delito ou falta cometido, ou cando unha ou outros non puidesen levarse a efecto por causas alleas á vontade do menor, o Ministerio Fiscal dará por concluída a instrución e solicitará do xuíz o sobresemento e arquivo das actuacións, con remisión do actuado.

5. No caso de que o menor non cumprise a reparación ou a actividade educativa acordada, o Ministerio Fiscal continuará a tramitación do expediente.

6. Nos casos nos que a vítima do delito ou falta for menor de idade ou incapaz, o compromiso ó que se refire este artigo deberá ser asumido polo seu representante legal, coa aprobación do xuíz de menores.

Artigo 20. *Unidade de expediente.*

1. O Ministerio Fiscal incoará un procedemento por cada feito delictivo, agás cando se trate de feitos delictivos conexas.

2. Tódolos procedementos tramitados a un mesmo menor ou mozo arquivaranse no expediente persoal que se abra del na fiscalía. De igual modo, arquivaranse as dilixencias no xulgado de menores respectivo.

3. Nos casos nos que os delitos atribuídos ó menor expedientado fosen cometidos en diferentes territorios, a determinación do órgano xudicial competente para o axuízamento de todos eles en unidade de expediente, así como das entidades públicas competentes para a execución das medidas que se apliquen, farase tendo en conta o lugar do domicilio do menor e, subsidiariamente, os criterios expresados no artigo 18 da Lei de axuízamento criminal.

Artigo 21. *Remisión ó órgano competente.*

Cando o coñecemento dos feitos non corresponda á competencia dos xulgados de menores, o fiscal acordará a remisión do actuado ó órgano legalmente competente.

Artigo 22. *Da incoación do expediente.*

1. Desde o mesmo momento da incoación do expediente, o menor terá dereito a:

a) Ser informado polo xuíz, o Ministerio Fiscal, ou axente de policía dos dereitos que o asisten.

b) Designar avogado que o defenda, ou que lle sexa designado de oficio e a entrevistarse reservadamente con el, mesmo antes de prestar declaración.

c) Intervir nas dilixencias que se practiquen durante a investigación preliminar e no proceso xudicial, e propor e solicitar, respectivamente, a práctica de dilixencias.

d) Ser oído polo xuíz ou tribunal antes de adoptar calquera resolución que lle concirna persoalmente.

e) A asistencia afectiva e psicolóxica en calquera estado e grao do procedemento, coa presenza dos pais ou doutra persoa que indique o menor, se o xuíz de menores autoriza a súa presenza.

f) A asistencia dos servicios do equipo técnico adscrito ó xulgado de menores.

2. O expediente seralle notificado ó menor desde o momento mesmo da súa incoación, agás o disposto no artigo 24. Para tal fin, o secretario do xulgado de menores, unha vez recibido do Ministerio Fiscal o parte de incoación do expediente, requirirá o menor e os seus representantes legais para designaren letrado no prazo de tres días, advertíndoos de que, de non o faceren, aquel lle será nomeado ó menor de oficio de entre os integrantes da quenda de especialistas do correspondente colexio de avogados.

3. Igualmente, o Ministerio Fiscal notificaralle a quen apareza como prexudicado, desde o momento en que así conste na instrucción do expediente, a posibilidade de exercer-las accións civís que lle poidan corresponder, e comparecerá perante o xuíz de menores na peza de responsabilidade civil que tramitará este.

Artigo 23. *Actuación instructora do Ministerio Fiscal.*

1. A actuación instructora do Ministerio Fiscal terá como obxecto, tanto valora-la participación do menor nos feitos para lle expresa-lo reproche que merece a súa conducta, como propo-las concretas medidas de contido educativo e sancionador adecuadas ás circunstancias do feito e do seu autor e, sobre todo, ó interese do propio menor valorado na causa.

2. O Ministerio Fiscal deberá dar vista do expediente ó letrado do menor, nun prazo non superior a vinte e catro horas, tantas veces como aquel o solicite.

3. O Ministerio Fiscal non poderá practicar por si mesmo dilixencias restrictivas de dereitos fundamentais, senón que deberá solicitar do xulgado a práctica daquelas que sexan precisas para o bo fin das investigacións. O xuíz de menores resolverá sobre esta petición por auto motivado. A práctica de tales dilixencias documentarase en peza separada.

Artigo 24. *Segredo do expediente.*

O xuíz de menores, por solicitude do Ministerio Fiscal, do menor o da súa familia, e mediante auto motivado, poderá decreta-lo segredo do expediente, na súa totalidade ou parcialmente, durante toda a instrucción ou durante un período limitado desta. Non obstante, o letrado do menor deberá, en todo caso, coñecer na súa integridade o expediente ó realiza-lo trámite de alegacións. Este incidente tramitarao o xulgado en peza separada.

Artigo 25. *Participación do prexudicado e inexistencia de acción particular e popular.*

Neste procedemento non cabe en ningún caso o exercicio de accións por particulares, agás o previsto no artigo 61.1 desta lei sobre exercicio de accións civís.

Malia o anterior, cando os feitos tipificados como delictos se atribúan a persoas que tivesen os dezaseis anos cumpridos no momento da comisión dos feitos, con violencia ou intimidación, ou con grave risco para a vida ou integridade física das persoas, o prexudicado poderá comparecer no procedemento, tanto na fase instructora como na fase de audiencia, coas seguintes facultades:

Ter vista do actuado, sendo notificado das dilixencias que se soliciten e acorden.

Propor probas que versen sobre o feito delictivo e as circunstancias da súa comisión, agás no referente á situación psicolóxica, educativa, familiar e social do menor.

Participar na práctica das probas, xa sexa en fase de instrucción, xa sexa en fase de audiencia; para estes efectos o órgano actuante poderá denegar-la práctica da proba de acareo, se esta fose solicitada, cando non resulte fundamental para a investigación dos feitos ou a participación do menor neles.

Contra a denegación polo fiscal da comparecencia do prexudicado en fase instructora, este poderá reitera-la súa petición ante o xulgado de menores no prazo de cinco días, e contra a denegación da práctica dunha proba polo fiscal non se dará ningún recurso, sen prexuízo da posibilidade de volver solicitala no escrito de alegacións ou na fase de audiencia.

Así mesmo, con carácter previo á remisión polo fiscal do escrito de alegacións co expediente ó xulgado de menores, o Ministerio Fiscal concederalle ó prexudicado que comparecese un prazo de cinco días para que valore o conxunto da proba practicada e, de se-lo caso, propoña aquelas que deban realizarse na fase de audiencia.

Cando proceda a realización da audiencia, o xuíz invitará o prexudicado comparecido na causa a que manifeste o que teña por conveniente sobre a práctica de novas probas, e tras esta será oído en relación cos feitos probados resultantes desta e coa participación do menor, sen que en ningún caso poida realizar ningunha manifestación sobre a procedencia das medidas propostas.

Contra os autos e providencias dos xuízes de menores que afecten o exercicio das facultades recoñecidas neste artigo, aplicarase o disposto no artigo 41.2.

Contra a sentenza dictada polo xuíz de menores, o prexudicado poderá interpor recurso de apelación de acordo co establecido no artigo 41.1, fundamentado na incompetencia do xulgado, na inadecuación do procedemento, no quebrantamento das formas esenciais do xuízo que lle produciuse indefensión ó prexudicado ou na falta de apreciación dalgún elemento de proba esencial para a cualificación dos feitos, o que poderá, se for necesario, solicita-la súa práctica, igualmente nos termos previstos polo artigo 41.1.

Artigo 26. *Dilixencias propostas polo letrado do menor.*

1. O letrado do menor solicitará do Ministerio Fiscal a práctica de cantas dilixencias considere necesarias. O Ministerio Fiscal decidirá sobre a súa admisión, mediante resolución motivada que lle notificará ó letrado e porá en coñecemento do xuíz de menores. Con relación ás dilixencias non practicadas, o letrado poderá reproducir-la súa petición, en calquera momento, ante o xulgado de menores.

2. Malia o disposto no número anterior, cando o letrado propoña que se leve a efecto a declaración do menor, o Ministerio Fiscal deberá recibila no expediente, agás que xa concluíse a instrucción e o expediente lle fose elevado ó xulgado de menores.

3. Se as dilixencias propostas polo letrado do menor afectaren a dereitos fundamentais deste ou doutras persoas, o Ministerio Fiscal, de considerar pertinente a solicitude dirixirase ó xuíz de menores conforme o disposto no artigo 23.3 desta lei, sen prexuízo da facultade do letrado de reproducir-la súa solicitude perante o xuíz de menores nas condicións establecidas no número 1 deste artigo.

Artigo 27. *Informe do equipo técnico.*

1. Durante a instrucción do expediente, o Ministerio Fiscal requirirá do equipo técnico, que para estes efectos dependerá funcionalmente daquel sexa cal fose a súa dependencia orgánica, a elaboración dun informe ou actualización dos anteriormente emitidos, que deberá

serlle entregado no prazo máximo de dez días, prorrogable por un período non superior a un mes en casos de gran complexidade, sobre a situación psicolóxica, educativa e familiar do menor, así como sobre o seu contorno social, e en xeral sobre calquera outra circunstancia relevante para os efectos da adopción dalgunha das medidas previstas nesta lei.

2. O equipo técnico poderá propor, así mesmo, unha intervención socioeducativa sobre o menor, pondo de manifesto en tal caso aqueles aspectos deste que considere relevantes para a dita intervención.

3. De igual modo, o equipo técnico informará, se o considera conveniente e en interese do menor, sobre a posibilidade de que este efectúe unha actividade reparadora ou de conciliación coa vítima, de acordo co disposto no artigo 19 desta lei, con indicación expresa do contido e a finalidade da mencionada actividade. Neste caso, non será preciso elaborar un informe das características e contidos do número 1 deste artigo.

4. Así mesmo, poderá o equipo técnico propor no seu informe a conveniencia de non continua-la tramitación do expediente en interese do menor, por ter sido expresado suficientemente o reproche a este a través dos trámites xa practicados, ou por considerar inadecuada para o interese do menor calquera intervención, dado o tempo transcorrido desde a comisión dos feitos. Nestes casos, se se reunisen os requisitos previstos no artigo 19.1 desta lei, o Ministerio Fiscal poderá remitirle o expediente ó xuíz con proposta de sobresemento, e remitiralle ademais, de se-lo caso, testemuño do actuado á entidade pública de protección de menores que corresponda, para os efectos de que actúe en protección do menor.

5. En todo caso, unha vez elaborado o informe do equipo técnico, o Ministerio Fiscal remitirallo inmediatamente ó xuíz de menores e daralle copia del ó letrado do menor.

6. O informe ó que se refire este artigo poderá ser elaborado ou complementado por aquelas entidades públicas ou privadas que traballen no ámbito da educación de menores e coñezan a situación do menor expedientado.

CAPÍTULO II

Das medidas cautelares

Artigo 28. *Regras xerais.*

1. O Ministerio Fiscal, cando existan indicios racionais da comisión dun delito ou o risco de eludir ou obstruí-la acción da xustiza por parte do menor, poderá solicitar do xuíz de menores, en calquera momento, a adopción de medidas cautelares para a custodia e defensa do menor expedientado. Estas medidas poderán consistir en internamento en centro, no réxime adecuado, liberdade vixiada ou convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. O xuíz, oído o letrado do menor, así como o equipo técnico e a representación da entidade pública de protección ou reforma de menores, que informarán especialmente sobre a natureza da medida cautelar, resolverá sobre o proposto tomando en especial consideración o interese do menor. A medida cautelar adoptada poderá manterse ata o momento da realización da audiencia prevista nos artigos 31 e seguintes desta lei ou durante a substanciación dos eventuais recursos.

2. Para a adopción da medida cautelar de internamento atenderase a gravidade dos feitos, a súa repercusión e a alarma social producida, valorando sempre as circunstancias persoais e sociais do menor. O xuíz de menores resolverá sobre a proposta do Ministerio Fiscal nunha comparecencia á que asistirán tamén o

letrado do menor e o representante do equipo técnico e o da entidade pública de protección ou reforma de menores, os cales informarán o xuíz sobre a conveniencia da adopción da medida solicitada, desde a perspectiva do interese do menor e da súa situación procesual.

Nesa comparecencia o Ministerio Fiscal e o letrado do menor poderán propo-los medios de proba que poidan practicarse no acto o dentro das vinte e catro horas seguintes.

3. O tempo máximo de duración da medida cautelar de internamento será de tres meses, e poderá prorrogarse, por instancia do Ministerio Fiscal e mediante auto motivado, por outros tres meses como máximo.

4. As medidas cautelares documentaranse no xulgado de menores en peza separada do expediente.

5. O tempo de cumprimento das medidas cautelares aboarase na súa integridade para o cumprimento das medidas que se poidan impor na mesma causa ou, no seu defecto, noutras causas que tivesen por obxecto feitos anteriores á adopción daquelas. O xuíz, por proposta do Ministerio Fiscal e oídos o letrado do menor e o equipo técnico que emitiu informe sobre a medida cautelar, ordenará que se teña por executada a medida imposta naquela parte que considere razoablemente compensada pola medida cautelar.

Artigo 29. *Medidas cautelares nos casos de exención da responsabilidade.*

Se no transcurso da instrucción que realice o Ministerio Fiscal quedase suficientemente acreditado que o menor se atopa en situación de alienación mental ou en calquera outra das circunstancias previstas nos números 1.º, 2.º ou 3.º do artigo 20 do Código penal vixente, adoptaranse as medidas cautelares precisas para a protección e custodia do menor conforme os preceptos civís aplicables, e instarase, de se-lo caso, as actuacións para a incapacitación do menor e a constitución dos organismos tutelares conforme a dereito, sen prexuízo todo iso de concluí-la instrucción e de efectua-las alegacións previstas nesta lei, conforme o que establecen os seus artigos 5.2 e 9, e de solicitar, polos trámites desta, de se-lo caso, algunha medida terapéutica adecuada ó interese do menor de entre as previstas nesta lei.

CAPÍTULO III

Da conclusión da instrucción

Artigo 30. *Remisión do expediente ó xuíz de menores.*

1. Acabada a instrucción, o Ministerio Fiscal resolverá a conclusión do expediente, notificándolla ó letrado do menor, e remitiralle ó xulgado de menores o expediente, xunto coas pezas de convicción e demais efectos que puidesen existir, cun escrito de alegacións no que constará a descrición dos feitos, a súa valoración xurídica, o grao de participación do menor, unha breve descrición das circunstancias persoais e sociais deste, e a proposición dalgunha medida das previstas nesta lei con exposición razoada dos fundamentos xurídicos e educativos que a aconsellen.

2. No mesmo acto propondrá o Ministerio Fiscal a proba de que tente valerse para a defensa da súa pretensión procesual.

3. Así mesmo, o Ministerio Fiscal poderá propo-la participación no acto da audiencia daquelas persoas ou representantes de institucións públicas e privadas que poidan achegar ó proceso elementos valorativos do interese do menor e da conveniencia ou non das medidas solicitadas.

4. O Ministerio Fiscal poderá tamén solicitar do xuíz de menores o sobresemento das actuacións por algún dos motivos previstos na Lei de axuízamento criminal, así como a remisión dos particulares necesarios á entidade pública de protección de menores, de se-lo caso.

TÍTULO IV

Da fase de audiencia

Artigo 31. *Apertura da fase de audiencia.*

Recibido o escrito de alegacións co expediente, as pezas de convicción, os efectos e demais elementos procesuais remitidos polo Ministerio Fiscal, o xulgado de menores incorporaraos ás súas dilixencias, e procederá a abri-lo trámite de audiencia, para o cal lle dará traslado ó letrado do menor do escrito de alegacións do Ministerio Fiscal e do testemuño do expediente, co fin de que nun prazo de cinco días hábiles formule pola súa banda escrito de alegacións comprensivo dos mesmos extremos có escrito do Ministerio Fiscal e propoña a proba que considere pertinente.

Artigo 32. *Sentencia de conformidade.*

Se o escrito de alegacións do Ministerio Fiscal solicítase a imposición dalgunha ou algunhas das medidas previstas nas letras e) a m) do número 1 do artigo 7, e houber conformidade do menor e do seu letrado, a cal se expresará en comparecencia perante o xuíz de menores nos termos do artigo 36, este dictará sentenza sen máis trámite impondo a medida solicitada.

Artigo 33. *Outras decisións do xuíz de menores.*

Nos casos non previstos no artigo anterior, á vista da petición do Ministerio Fiscal e do escrito de alegacións do letrado do menor, o xuíz adoptará algunha das seguintes decisións:

- a) A realización da audiencia.
- b) O sobresemento, mediante auto motivado, das actuacións.
- c) O arquivo por sobresemento das actuacións con remisión de particulares á entidade pública de protección de menores correspondente cando así o solicitase o Ministerio Fiscal.
- d) A remisión das actuacións ó xuíz competente, cando o xuíz de menores considere que non lle corresponde o coñecemento do asunto.
- e) Practicar en por si as probas propostas polo letrado do menor e que fosen denegadas polo fiscal durante a instrución, conforme o disposto no artigo 26.1 desta lei, e que non poidan realizarse no transcurso da audiencia, sempre que considere que son relevantes para os efectos do proceso. Unha vez practicadas, daralles traslado dos resultados ó Ministerio Fiscal e ó letrado do menor, antes de iniciar-las sesións da audiencia.

Contra as precedentes resolucións caberán os recursos previstos nesta lei.

Artigo 34. *Pertinencia de probas e sinalamento da audiencia.*

O xuíz de menores, dentro do prazo de cinco días desde a presentación do escrito de alegacións do letrado do menor, ou unha vez transcorrido o prazo para a presentación sen que esta se efectuase, acordará, de se-lo caso, o procedente sobre a pertinencia das probas propostas, mediante auto de apertura da audiencia, e sinalará o día e hora en que deba comezar esta dentro dos dez días seguintes.

Artigo 35. *Asistentes e non publicidade da audiencia.*

1. A audiencia terá lugar con asistencia do Ministerio Fiscal, do prexudicado que, de se-lo caso, comparecese, do letrado do menor, dun representante do equipo técnico que emitise o informe previsto no artigo 27 desta lei, e do propio menor, o cal poderá estar acompañado dos seus representantes legais, agás que o xuíz, oídos os citados Ministerio Fiscal, letrado do menor e representante do equipo técnico, acorde o contrario. Tamén poderá asistir-lo representante da entidade pública de protección ou reforma de menores que interviñese nas actuacións da instrución, cando o xuíz así o acorde.

2. O xuíz poderá acordar, en interese da persoa imputada ou da vítima, que as sesións non sexan públicas e en ningún caso se permitirá que os medios de comunicación social obteñan ou difundan imaxes do menor nin datos que permitan a súa identificación.

Artigo 36. *Conformidade do menor.*

1. O xuíz de menores informará o menor expedientado, nunha linguaxe comprensible e adaptada á súa idade, das medidas solicitadas polo Ministerio Fiscal no seu escrito de alegacións, así como dos feitos e da causa en que se funden.

2. O xuíz seguidamente preguntarlle ó menor se se declara autor dos feitos e se está de acordo coa medida solicitada polo Ministerio Fiscal. Se mostrar a súa conformidade con ámbolos extremos, oído o letrado do menor, o xuíz poderá dictar resolución de conformidade. Se o letrado non estiver de acordo coa conformidade prestada polo propio menor, o xuíz resolverá sobre a continuación ou non da audiencia, razoando esta decisión na sentenza.

3. Se o menor estiver conforme cos feitos pero non coa medida solicitada, cumprírase o trámite da audiencia só no relativo a este último extremo, practicándose a proba proposta co fin de determina-la aplicación da dita medida ou a súa substitución por outra máis adecuada ó interese do menor e que fose proposta por algunha das partes.

Artigo 37. *Realización da audiencia.*

1. Cando proceda a realización da audiencia, o xuíz invitará o Ministerio Fiscal e o letrado do menor a que manifesten o que teñan por conveniente sobre a práctica de novas probas ou sobre a vulneración dalgún dereito fundamental na tramitación do procedemento ou, de se-lo caso, poralles de manifesto a posibilidade de aplicar unha distinta cualificación ou unha distinta medida das que solicitasen. Seguidamente, o xuíz acordará a continuación da audiencia ou a emenda do dereito vulnerado, se así proceder. Se acordase a continuación da audiencia, o xuíz resolverá na sentenza sobre os extremos formulados.

2. Seguidamente, iniciarase a práctica da proba proposta e admitida, e a que, logo de declaración da súa pertinencia, ofrezan as partes para a súa práctica no acto, e será oído así mesmo o equipo técnico sobre as circunstancias do menor. A continuación, o xuíz oír á o Ministerio Fiscal e o letrado do menor sobre a valoración da proba, a súa cualificación xurídica e a procedencia das medidas propostas; sobre este último punto, oírase tamén o equipo técnico. Por último, o xuíz oír á o menor, deixando a causa vista para sentenza.

3. De se-lo caso, neste procedemento aplicarase o disposto na lexislación relativa á protección de testemuñas e peritos en causas penais.

4. Se no transcurso da audiencia o xuíz considerase, de oficio ou por solicitude das partes, que o interese do menor aconsella que este abandone a sala, poderá

acordalo así motivadamente, ordenando que continúen as actuacións ata que o menor poida retornar a aquela.

TÍTULO V

Da sentenza

Artigo 38. *Prazo para dictar sentenza.*

Finalizada a audiencia, o xuíz de menores dictará sentenza sobre os feitos sometidos a debate nun prazo máximo de cinco días.

Artigo 39. *Contido e rexistro da sentenza.*

1. A sentenza conterá tódolos requisitos previstos na vixente Lei orgánica do poder xudicial e nela, valorando as probas practicadas, as razóns expostas polo Ministerio Fiscal e polo letrado do menor e o manifestado, de se-lo caso, por este, tomando en consideración as circunstancias e gravidade dos feitos, así como tódolos datos debatidos sobre a personalidade, situación, necesidades e contorno familiar e social do menor e a idade deste no momento de dicta-la sentenza, resolverá sobre a medida ou medidas propostas, con indicación expresa do seu contido, duración e obxectivos que pretenden alcanzar con estas, e será motivada, consignando expresamente os feitos que se declaren probados e os medios probatorios dos que resulte a convicción xudicial. Tamén poderá ser anticipada oralmente a resolución ó termo das sesións da audiencia sen prexuízo da súa documentación, consonte o artigo 248.3 da citada Lei orgánica do poder xudicial.

2. O xuíz, ó redacta-la sentenza, procurará expresa-los seus razoamentos nunha linguaxe clara e comprensible para a idade do menor.

3. Cada xulgado de menores levará un rexistro de sentencias no cal se estenderán e asinarán tódalas definitivas.

Artigo 40. *Suspensión da execución da resolución.*

1. O xuíz de menores, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor, e oídos en todo caso estes, así como o representante do equipo técnico e da entidade pública de protección ou reforma de menores, poderá acordar motivadamente a suspensión da execución da resolución contida na sentenza, cando a medida imposta non sexa superior a dous anos de duración, durante un tempo determinado e ata un máximo de dous anos. Esta suspensión acordarase na propia sentenza, ou por auto motivado cando aquela sexa firme, debendo expresar, en todo caso, as súas condicións.

2. As condicións ás que estará sometida a suspensión da execución da resolución contida na sentenza dictada polo xuíz de menores serán as seguintes:

a) Non ser condenado en sentenza firme por delito cometido durante o tempo que dure a suspensión, se acadou a maioría de idade, ou non serlle aplicada medida en sentenza firme en procedemento regulado por esta lei durante o tempo que dure a suspensión.

b) Que o menor asuma o compromiso de mostrar unha actitude e disposición de reintegrarse á sociedade, non incorrendo en novas infraccións.

c) Ademais, o xuíz pode establece-la aplicación dun réxime de liberdade vixiada durante o prazo de suspensión ou a obriga de realizar unha actividade socioeducativa, recomendada polo equipo técnico ou a entidade pública de protección ou reforma de menores no precedente trámite de audiencia, incluso con compromiso

de participación dos pais, titores ou gardadores do menor, expresando a natureza e o prazo en que aquela actividade deberá levarse a cabo.

3. Se as condicións expresadas no número anterior non se cumprisen, o xuíz alzar a suspensión e procederase a executa-la sentenza en tódolos seus extremos. Contra a resolución que así o acorde poderanse interpor-los recursos previstos nesta lei.

TÍTULO VI

O réxime de recursos

Artigo 41. *Recursos de apelación e reforma.*

1. Contra a sentenza dictada polo xuíz de menores no procedemento regulado nesta lei cabe recurso de apelación ante a sala de menores do correspondente tribunal superior de xustiza, que se interporá ante o xuíz que dictou aquela no prazo de cinco días contados desde a súa notificación, e resolverase logo de que teña lugar a vista pública, agás que en interese da persoa imputada ou da vítima, o xuíz acorde que se realice a porta pechada. Á vista deberán asistilas partes e, se o tribunal o considera oportuno, o representante do equipo técnico e o representante da entidade pública de protección ou reforma de menores que interviñesen no caso concreto. O recorrente poderá solicitar da sala a práctica da proba que, proposta e admitida na instancia, non se realizase, conforme as regras da Lei de axuizamento criminal.

2. Contra os autos e providencias dos xuíces de menores cabe recurso de reforma ante o propio órgano, que se interporá no prazo de tres días a partir da notificación. O auto que resolva a impugnación da providencia será susceptible de recurso de apelación.

3. Contra os autos que poñan fin ó procedemento ou resolvan o incidente dos artigos 14, 28, 29 e 40 desta lei, cabe recurso de apelación ante a sala de menores do Tribunal Superior de Xustiza polos trámites que regula a Lei de axuizamento criminal para o procedemento abreviado.

Artigo 42. *Recurso de casación para unificación de doutrina.*

1. Son obxecto de recurso en casación, perante a Sala Segunda do Tribunal Supremo, as sentencias dictadas en apelación polas salas de menores dos tribunais superiores de xustiza cando se impuxese unha das medidas ás que se refiren as regras 4.^a e 5.^a do artigo 9 da presente lei.

2. O recurso terá por obxecto a unificación de doutrina con ocasión de sentencias dictadas en apelación polas mencionadas salas de menores dos tribunais superiores de xustiza que fosen contradictorias entre si coas doutra ou outras salas de menores dos referidos tribunais superiores, ou con sentencias do Tribunal Supremo, respecto de feitos e valoracións das circunstancias do menor que, sendo substancialmente iguais, desen lugar, sen embargo, a pronunciamentos distintos.

3. O recurso poderá preparalo o Ministerio Fiscal ou o letrado do menor que pretenda a indicada unificación de doutrina dentro dos dez días seguintes ó da notificación da sentenza da sala de menores do tribunal superior de xustiza, en escrito dirixido a esta.

4. O escrito de interposición deberá conter unha relación precisa e circunstanciada da contradicción alegada, con designación das sentencias aludidas e dos informes en que se funde o interese do menor valorado na sentenza.

5. Acreditados os requisitos ós que se refire o número anterior, a sala de menores do tribunal superior de

xustiza ante o que se interpuxese o recurso requirirá testemuño das sentencias citadas ós tribunais que as dictaron, e nun prazo de dez días remitirá a documentación á Sala Segunda do Tribunal Supremo, e emprazará o recorrente e o Ministerio Fiscal, se non o fose, perante a dita sala.

6. Cando a parte recorrente incumprise de modo manifesto e incorrrible a criterio do Tribunal Supremo os requisitos establecidos para o recurso ou cando a pretensión careza de contido casacional, o maxistrado relator dará conta á sala da causa de inadmisión e aquela acordará o-lo recorrente e o Ministerio Fiscal, cando este non interpuxese o recurso, por prazo de tres días, dictando seguidamente auto contra o que non caberá ningún recurso.

7. A Sala Segunda do Tribunal Supremo, constituída en forma ordinaria, convocará a parte recorrente, e en todo caso o Ministerio Fiscal, a unha vista oral, na que oírás alegacións que se efectúen e poderalle solicitar informe á entidade pública de protección ou reforma de menores do territorio onde exerza a súa xurisdicción o xulgado que dictou a resolución impugnada, e, de se-lo caso, a aquela á que lle corresponda a execución desta; seguidamente dictará a sentenza de casación do modo e cos efectos sinalados na Lei de axuízamento criminal.

8. Tamén, e en unificación de doutrina e polos mesmos trámites, o Ministerio Fiscal poderá recorrer en casación, contra os autos definitivos dictados polas salas de menores dos tribunais superiores de xustiza, ó resolve-los recursos contra as resolucións dos xuíces de instrucción dictadas en aplicación do disposto no artigo 4 desta lei orgánica.

TÍTULO VII

Da execución das medidas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 43. *Principio de legalidade.*

1. Non poderá executarse ningunha das medidas establecidas nesta lei senón en virtude de sentenza firme dictada de acordo co procedemento regulado nela.

2. Tampouco poderán executarse estas medidas noutra forma cá prescrita nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan.

Artigo 44. *Competencia xudicial.*

1. A execución das medidas previstas nesta lei realizarase baixo o control do xuíz de menores que dictase a sentenza correspondente, o cal resolverá por auto motivado, oídos o Ministerio Fiscal, o letrado do menor e a representación da entidade pública que execute aquela, sobre as incidencias que se poidan producir durante o seu transcurso.

2. Para exercer-lo control da execución, correspóndelle especialmente ó xuíz de menores, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor, as funcións seguintes:

a) Adoptar tódalas decisións que sexan necesarias para proceder á execución efectiva das medidas impostas.

b) Resolve-las propostas de revisión das medidas a que se refire o artigo 14 desta lei.

c) Aproba-los programas de execución das medidas.

d) Coñecer da evolución dos menores durante o cumprimento das medidas a través dos informes de seguimento destas.

e) Resolve-los recursos que se interpoñan contra as resolucións dictadas para a execución das medidas, conforme establece o artigo 52 desta lei.

f) Acorda-lo que proceda en relación coas peticións ou queixas que poidan formula-los menores sancionados sobre o réxime, o tratamento ou calquera outra circunstancia que poida afecta-los seus dereitos fundamentais.

g) Realizar regularmente visitas ós centros e entrevistas cos menores.

h) Formularlle á entidade pública de protección ou reforma de menores correspondente as propostas e recomendacións que considere oportunas en relación coa organización e o réxime de execución das medidas.

i) Adopta-las resolucións que, en relación co réxime disciplinario, lles atribúe o artigo 60 desta lei.

Artigo 45. *Competencia administrativa.*

1. A execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentencias firmes é competencia das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, consonte a disposición derradeira vixésimo segunda da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. Estas entidades públicas levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas adecuados para garanti-la correcta execución das medidas previstas nesta lei.

2. A execución das medidas corresponderalles ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, onde se encontre o xulgado de menores que dictase a sentenza, sen prexuízo do disposto no número 3 do artigo seguinte.

3. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán establece-los convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, local ou doutras comunidades autónomas, ou ben privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, sen que iso supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada da dita execución.

CAPÍTULO II

Reglas para a execución das medidas

Artigo 46. *Liquidación da medida e traslado do menor a un centro.*

1. Unha vez firme a sentenza e aprobado o programa de execución da medida imposta, o secretario do xulgado que a dictase practicará a liquidación desta medida, e indicará as datas de inicio e de remate desta, con aboamento, de se-lo caso, do tempo cumprido polas medidas cautelares impostas ó interesado, tendo en conta o disposto no artigo 28.5. Ó propio tempo, abrirá un expediente de execución no que se farán consta-las incidencias que se produzan no desenvolvemento daquela conforme o establecido na presente lei.

2. Da liquidación mencionada no número anterior e do testemuño de particulares que o xuíz considere necesario e que deberá incluí-los informes técnicos que consten na causa, daráselle traslado á entidade pública de protección ou reforma de menores competente para o cumprimento das medidas acordadas na sentenza firme. Tamén se lle notificará ó Ministerio Fiscal o inicio da execución, e ó letrado do menor se así o solicitase do xuíz de menores.

3. Recibidos pola entidade pública o testemuño e a liquidación da medida indicados no número anterior, aquela designará de forma inmediata un profesional que

se responsabilizará da execución da medida imposta e, se esta fose de internamento, designará o centro máis adecuado para a súa execución de entre os máis próximos ó domicilio do menor nos que existan prazas dispoñibles para a execución pola entidade pública competente en cada caso. O traslado a outro centro distinto dos anteriores só se poderá fundamentar no interese do menor de ser afastado do seu contorno familiar e social e requirirá en todo caso a aprobación do xuíz de menores que dictase a sentenza.

Artigo 47. *Execución de varias medidas.*

1. Cando o menor estiver sometido a varias medidas, o xuíz que dictase a última sentenza firme ordenará o cumprimento daquelas de maneira simultánea.

2. Cando todas ou algunhas das medidas impostas non poidan ser cumpridas simultaneamente, cumpriranse sucesivamente, de conformidade coas regras seguintes, agás que o xuíz dispoña unha orde distinta atendendo ó interese do menor:

1.^a As medidas de internamento cumpriranse antes cás medidas non privativas de liberdade e, de se-lo caso, interromperán as que se estiveren executando que foren desta última natureza.

2.^a Cando concorrer o internamento terapéutico con outra medida, imporase en primeiro termo a medida de internamento terapéutico. O xuíz suspenderá, de se-lo caso, o inicio da execución das medidas posteriormente impostas ata que aquela finalice ou sexa alzada, agás que se faga uso da facultade establecida no artigo 14 da presente lei.

3.^a Nos supostos previstos na regra 5.^a do artigo 9, a medida de liberdade vixiada deberá suceder á medida de internamento en réxime pechado, conforme a dicción do mencionado precepto.

4.^a Cando concorran varias medidas da mesma natureza, cumpriranse por orde cronolóxica de firmeza das respectivas sentencias.

5.^a Cando o mozo cumpra medidas previstas por esta lei e sexa condenado a medidas ou penas do Código penal, o xuíz ou tribunal ordenará o cumprimento simultáneo delas, se for posible. En caso contrario, a pena de prisión cumprirse a continuación da medida de internamento que se estea executando, agás que o xuíz ou tribunal sentenciador, tratándose dunha condena por delitos graves e atendidas as circunstancias do mozo, ordene a inmediata execución da pena de prisión imposta.

3. O xuíz, logo de audiencia das partes e informe do equipo técnico, poderá altera-la orde de cumprimento previsto no número anterior cando así o fixer aconsellable o interese do menor.

Artigo 48. *Expediente persoal da persoa sometida á execución dunha medida.*

1. A entidade pública abrialle un expediente persoal único a cada menor respecto do cal teña encomendada a execución dunha medida, no que se recollerán os informes relativos a aquel, as resolucións xudiciais que o afecten e o resto da documentación xerada durante a execución.

2. Este expediente terá carácter reservado e soamente terán acceso a el o Defensor do Pobo ou institución análoga da correspondente Comunidade Autónoma, os xuíces de menores competentes, o Ministerio Fiscal e as persoas que interveñan na execución e estean autorizadas pola entidade pública de acordo coas súas normas de organización. O menor, o seu letrado e, de se-lo caso, o seu representante legal, tamén terán acceso ó expediente.

3. A recollida, cesión e tratamento automatizado de datos de carácter persoal das persoas ás que se lles aplique esta lei, só poderá realizarse en ficheiros informáticos de titularidade pública dependentes das entidades públicas de protección de menores, administracións e xulgados de menores competentes ou do Ministerio Fiscal, e rexerese polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 49. *Informes sobre a execución.*

1. A entidade pública remitiralle ó xuíz de menores e ó Ministerio Fiscal, coa periodicidade que se estableza regulamentariamente en cada caso e sempre que fose requirida para iso ou a mesma entidade o considere necesario, informes sobre a execución da medida e as súas incidencias, e sobre a evolución persoal dos menores sometidos a elas. Estes informes remitiráselle tamén ó letrado do menor se así llo solicitar á entidade pública competente.

2. Nos indicados informes, a entidade pública poderá solicitar do Ministerio Fiscal, cando así o considere procedente, a revisión xudicial das medidas no sentido propugnado polo artigo 14.1 desta lei.

Artigo 50. *Quebrantamento da execución.*

1. Cando o menor quebrantase unha medida privativa de liberdade, procederase ó seu reingreso no mesmo centro do que se evadise ou noutro adecuado ás súas condicións ou, no caso de permanencia de fin de semana, no seu domicilio, co fin de cumprir de maneira ininterrompida o tempo pendente.

2. Se a medida quebrantada non for privativa de liberdade, o Ministerio Fiscal poderá instar do xuíz de menores a substitución daquela por outra da mesma natureza. Excepcionalmente, e por proposta do Ministerio Fiscal, oídos o letrado e o representante legal do menor, así como o equipo técnico, o xuíz de menores poderá substituí-la medida por outra de internamento en centro semiabierto, polo tempo que falte para o seu cumprimento.

3. Así mesmo, o xuíz de menores remitirá testemuño dos particulares relativos ó quebrantamento da medida ó Ministerio Fiscal, por se o feito fose constitutivo dalgunha das infraccións a que se refire o artigo 1 desta lei orgánica e merecedora de reproche sancionador.

Artigo 51. *Substitución das medidas.*

1. Durante a execución das medidas, o xuíz de menores que as impuxese poderá, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, do letrado do menor ou da Administración competente, e oídas as partes, así como o equipo técnico e a representación da entidade pública de protección ou reforma de menores, deixar sen efecto aquelas o substituílas por outras que se consideren máis adecuadas de entre as previstas nesta lei, por tempo igual ou inferior ó que falte para o seu cumprimento. Todo isto sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo anterior e de acordo co artigo 14 desta lei.

2. A conciliación do menor coa vítima, en calquera momento en que se produza o acordo entre ambos a que se refire o artigo 19 desta lei, poderá deixar sen efecto a medida imposta cando o xuíz, por proposta do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor e oídos o equipo técnico e a representación da entidade pública de protección ou reforma de menores, xulgue que o dito acto e o tempo de duración da medida xa cumprido expresan suficientemente o reproche que merecen os feitos cometidos polo menor.

3. En tódolos casos anteriores, o xuíz resolverá por auto motivado, contra o cal se poderán interpoñer os recursos previstos nesta lei.

Artigo 52. *Presentación de recursos.*

1. Cando o menor pretenda interpor ante o xuíz de menores recurso contra calquera resolución adoptada durante a execución das medidas que lle fosen impostas, presentarao de forma escrita perante o xuíz ou director do centro de internamento, quen o porá en coñecemento daquel dentro do seguinte día hábil.

O menor tamén poderá presentar un recurso ante o xuíz de forma verbal, ou manifestar de forma verbal a súa intención de recorrer ó director do centro, quen lle dará traslado desta manifestación ó xuíz de menores no prazo indicado. Neste último caso, o xuíz de menores adoptará as medidas que resulten procedentes co fin de oír-la alegación do menor.

O letrado do menor tamén poderá interpoñer os recursos, en forma escrita, ante as autoridades indicadas no parágrafo primeiro.

2. O xuíz de menores solicitará informe do Ministerio Fiscal e resolverá o recurso no prazo de dous días, mediante auto motivado. Contra este auto caberá recurso de apelación perante a sala de menores do correspondente Tribunal Superior de Xustiza, conforme o disposto no artigo 41 desta lei.

Artigo 53. *Cumprimento da medida.*

1. Unha vez cumprida a medida, a entidade pública remitiralles ós destinatarios designados no artigo 49.1 un informe final, e o xuíz de menores dictará auto polo que se acorde o que proceda respecto ó arquivo da causa. Este auto seralles notificado ó Ministerio Fiscal e ó letrado do menor.

2. O xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor, poderá instar da correspondente entidade pública de protección ou reforma de menores, unha vez cumprida a medida imposta, que se arbitren os mecanismos de protección do menor conforme as normas do Código civil, cando o interese daquel así o requirise.

CAPÍTULO III

Regras especiais para a execución das medidas privativas de liberdade

Artigo 54. *Centros para a execución das medidas privativas de liberdade.*

1. As medidas privativas de liberdade, a detención e as medidas cautelares de internamento que se imponían de conformidade con esta lei executaranse en centros específicos para menores infractores, diferentes dos previstos na lexislación penitenciaria para a execución das condenas penais e medidas cautelares privativas de liberdade impostas ós maiores de idade penal.

2. Malia o disposto no número anterior, as medidas de internamento tamén poderán executarse en centros sociosanitarios cando a medida imposta así o requira. En todo caso, requirirase a autorización previa do xuíz de menores.

3. Os centros estarán divididos en módulos adecuados á idade, madurez, necesidades e habilidades sociais dos menores internados e rexeranse por unha normativa de funcionamento interno o cumprimento da cal terá como finalidade a consecución dunha convivencia ordenada, que permita a execución dos diferentes programas de intervención educativa e as funcións de custodia dos menores internados.

Artigo 55. *Principio de resocialización.*

1. Toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que o menor internado é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade.

2. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade, reducindo ó máximo os efectos negativos que o internamento poida representar para o menor ou para a súa familia, favorecendo os vínculos sociais, o contacto cos familiares e achegados, e a colaboración e participación das entidades públicas e privadas no proceso de integración social, especialmente das máis próximas xeográfica e culturalmente.

3. Para tal fin fixaranse regulamentariamente os permisos ordinarios e extraordinarios dos que poderá desfrutalo menor internado, co fin de manter contactos positivos co exterior e prepara-la súa futura vida en liberdade.

Artigo 56. *Dereitos dos menores internados.*

1. Tódolos menores internados teñen dereito a que se respecte a súa propia personalidade, a súa liberdade ideolóxica e relixiosa e os dereitos e intereses lexítimos non afectados polo contido da condena, especialmente os inherentes á minoría de idade civil cando sexa o caso.

2. En consecuencia, recoñécenselles ós menores internados os seguintes dereitos:

a) Dereito a que a entidade pública da que depende o centro vele pola súa vida, a súa integridade física e a súa saúde, sen que poidan, en ningún caso, ser sometidos a tratos degradantes ou a malos tratos de palabra ou de obra, nin ser obxecto dun rigor arbitrario ou innecesario na aplicación das normas.

b) Dereito do menor de idade civil a recibir unha educación e formación integral en tódolos ámbitos e á protección específica que pola súa condición lle dispensan as leis.

c) Dereito a que se preserve a súa dignidade e a súa intimidade, a seren designados polo seu propio nome e a que a súa condición de internados sexa estrictamente reservada fronte a terceiros.

d) Dereito ó exercicio dos dereitos civís, políticos, sociais, relixiosos, económicos e culturais que lles correspondan, agás cando sexan incompatibles co obxecto da detención ou o cumprimento da condena.

e) Dereito a estaren no centro máis próximo ó seu domicilio, de acordo co seu réxime de internamento, e a non seren trasladados fóra da súa Comunidade Autónoma, agás nos casos e cos requisitos previstos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

f) Dereito á asistencia sanitaria gratuíta, a recibiren o ensino básico obrigatorio que corresponda á súa idade, calquera que sexa a súa situación no centro, e a recibiren unha formación educativa ou profesional adecuada ás súas circunstancias.

g) Dereito dos sentenciados a un programa de tratamento individualizado e de tódolos internados a participaren nas actividades do centro.

h) Dereito a comunicárense libremente cos seus pais, representantes legais, familiares ou outras persoas, e a desfrutaren de saídas e permisos, consonte o disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

i) Dereito a comunicárense reservadamente cos seus letrados, co xuíz de menores competente, co Ministerio Fiscal e cos servicios de inspección de centros de internamento.

j) Dereito a unha formación laboral adecuada, a un traballo remunerado, dentro das dispoñibilidades da entidade pública, e ás prestacións sociais que puidesen

corresponderlles, cando acaden a idade legalmente establecida.

k) Dereito a lle formularen peticións e queixas á dirección do centro, á entidade pública, ás autoridades xudiciais, ó Ministerio Fiscal, ó Defensor do Pobo ou institución análoga da súa Comunidade Autónoma e a presentaren tódolos recursos legais que prevé esta lei perante o xuíz de menores competente, en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

l) Dereito a recibiren información persoal e actualizada dos seus dereitos e obrigas, da súa situación persoal e xudicial, das normas de funcionamento interno dos centros que os acollan, así como dos procedementos concretos para faceren efectivos tales dereitos, en especial para formularen peticións, queixas ou recursos.

m) Dereito a que os seus representantes legais sexan informados sobre a súa situación e evolución e sobre os dereitos que a eles lles corresponden, cos únicos límites previstos nesta lei.

n) Dereito das menores internadas a teren na súa compañía os seus fillos menores de tres anos, nas condicións e cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 57. *Deberes dos menores internados.*

Os menores internados estarán obrigados a:

a) Permaneceren no centro á disposición da autoridade xudicial competente ata o momento da súa posta en liberdade, sen prexuízo das saídas e actividades autorizadas que poidan realizar no exterior.

b) Recibiren o ensino básico obrigatorio que legalmente lles corresponda.

c) Respectaren e cumpriren as normas de funcionamento interno do centro e as directrices ou instrucións que reciban do persoal daquel no exercicio lexítimo das súas funcións.

d) Colaboraren na consecución dunha actividade ordenada no interior do centro e manter unha actitude de respecto e consideración cara a todos, dentro e fóra do centro, en especial cara ás autoridades, ós traballadores do centro e ós demais menores internados.

e) Utilizaren adecuadamente as instalacións do centro e os medios materiais que se poñan á súa disposición.

f) Observaren as normas hixiénicas e sanitarias, e sobre vestiario e aseo persoal establecidas no centro.

g) Realizaren as prestacións persoais obrigatorias previstas nas normas de funcionamento interno do centro para mante-la boa orde e a limpeza deste.

h) Participaren nas actividades formativas, educativas e laborais establecidas en función da súa situación persoal co fin de prepararen a súa vida en liberdade.

Artigo 58. *Información e reclamacións.*

1. Os menores recibirán, no momento do seu ingreso no centro, información escrita sobre os seus dereitos e obrigas, o réxime de internamento no que se encontran, as cuestións de organización xeral, as normas de funcionamento do centro, as normas disciplinarias e os medios para formular peticións, queixas ou recursos. A información facilitaráselles nun idioma que entendan. Os que teñan calquera xénero de dificultade para comprender-lo contido desta información explicaráselles por outro medio adecuado.

2. Tódolos internados poderán formular, verbalmente ou por escrito, en sobre aberto ou pechado, peticións e queixas á entidade pública sobre cuestións referentes á súa situación de internamento. Estas peticións ou queixas tamén lle poderán ser presentadas ó director do centro, quen as atenderá se son da súa competencia ou as porá en coñecemento da entidade pública ou autoridades competentes, en caso contrario.

Artigo 59. *Medidas de vixilancia e seguridade.*

1. As actuacións de vixilancia e seguridade interior nos centros poderán supor, na forma e coa periodicidade que se estableza regulamentariamente, inspeccións dos locais e dependencias, así como rexistros de persoas, roupas e útiles dos menores internados.

2. De igual xeito, poderanse utilizar exclusivamente os medios de contención que se establezan regulamentariamente para evitar actos de violencia ou lesións dos menores, para impedir actos de fuga e danos nas instalacións do centro ou ante a resistencia activa ou pasiva ás instrucións do seu persoal no exercicio lexítimo do seu cargo.

Artigo 60. *Réxime disciplinario.*

1. Os menores internados poderán ser corrixidos disciplinariamente nos casos e de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente, de acordo cos principios da Constitución, desta lei e do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, respectando en todo momento a dignidade daqueles e sen que en ningún caso poidan ser privados dos seus dereitos de alimentación, ensino obrigatorio e comunicacións e visitas, previstos nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

2. As faltas disciplinarias clasificaranse en moi graves, graves e leves, atendendo a violencia desenvolvida polo suxeito, a súa intencionalidade, a importancia do resultado e o número de persoas ofendidas.

3. As únicas sancións que se poderán impor pola comisión de faltas moi graves serán as seguintes:

a) A separación do grupo por un período de tres a sete días en casos de evidente agresividade, violencia e alteración grave da convivencia.

b) A separación do grupo durante tres a cinco fins de semana.

c) A privación de saídas de fin de semana de quince días a un mes.

d) A privación de saídas de carácter recreativo por un período dun a dous meses.

4. As únicas sancións que se poderán impor pola comisión de faltas graves serán as seguintes:

a) As mesmas ca nos catro supostos do número anterior, coa seguinte duración: dous días, unha ou dúas fins de semana, un a quince días, e un mes respectivamente.

b) A privación de participar nas actividades recreativas do centro durante un período de sete a quince días.

5. As únicas sancións que se poderán impor pola comisión de faltas leves serán as seguintes:

a) A privación de participar en todas ou algunhas das actividades recreativas do centro durante un período dun a seis días.

b) A amoestación.

6. A sanción de separación suporá que o menor permanecerá no seu cuarto ou noutro de análogas características ó seu, durante o horario de actividades do centro, excepto para asistir, de se-lo caso, ó ensino obrigatorio, recibir visitas e dispor de dúas horas de tempo ó día ó aire libre.

7. As resolucións sancionadoras poderán ser obxecto de recurso, antes do inicio do seu cumprimento, ante o xuíz de menores. Para tal fin, o menor sancionado poderá presenta-lo recurso por escrito ou verbalmente ante o director do establecemento, quen, no prazo de

vintecatros horas, remitirá este escrito ou testemuño da queixa verbal, coas súas propias alegacións, ó xuíz de menores e este, no termo dunha audiencia e oído o Ministerio Fiscal, dictará auto, confirmando, modificando ou anulando a sanción imposta, sen que contra este auto caiba ningún recurso. O auto, unha vez notificado ó establecemento, será de execución inmediata. Mentres se resolve o recurso, no prazo de dous días, a entidade pública executora da medida poderá adoptar as decisións precisas para restablecer a orde alterada, aplicándolle ó sancionado o disposto no número 6 deste artigo.

O letrado do menor tamén poderá interpoñer os recursos a que se refire o parágrafo anterior.

TÍTULO VIII

A responsabilidade civil

Artigo 61. *Regras xerais.*

1. A acción para esixir a responsabilidade civil no procedemento regulado nesta lei será exercida polo Ministerio Fiscal, agás que o prexudicado renuncie a ela, a exerza por si mesmo no prazo dun mes desde que se lle notifique a apertura da peza separada de responsabilidade civil ou a reserve para exercela ante a orde xurisdiccional civil conforme os preceptos do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

2. Tramitarase unha peza separada de responsabilidade civil por cada un dos feitos imputados.

3. Cando o responsable dos feitos cometidos sexa un menor de dezoito anos, os seus pais, titores, acoñecedores e gardadores legais ou de feito, por esta orde responderán solidariamente con el dos danos e prexuízos causados. Cando estes non favorecesen a conduta do menor con dolo ou negligencia grave, a súa responsabilidade poderá ser moderada polo xuíz segundo os casos.

4. De se-lo caso, aplicarase tamén o disposto no artigo 145 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 62. *Extensión da responsabilidade civil.*

A responsabilidade civil á que se refire o artigo anterior regularase, en canto á súa extensión, polo disposto no capítulo I do título V do libro I do Código penal vixente.

Artigo 63. *Responsabilidade civil dos aseguradores.*

Os aseguradores que asumisen o risco das responsabilidades pecuniarias derivadas dos actos dos menores ós que se refire esta lei serán responsables civís directos ata o límite da indemnización legalmente establecida ou convencionalmente pactada, sen prexuízo do seu dereito de repetición contra quen corresponda.

Artigo 64. *Reglas de procedemento.*

Os trámites para a esixencia da responsabilidade civil aludida nos artigos anteriores acomodaranse ás seguintes regras:

1.^a Tan pronto como o xuíz de menores reciba o parte da incoación do expediente polo Ministerio Fiscal, procederá a abrir unha peza separada de responsabilidade civil, notificándolles ós que aparezan como prexu-

dicados no seu dereito a seren parte nela, e establecendo o prazo límite para o exercicio da acción.

2.^a Na peza de referencia poderán comparecer os prexudicados que recibisen notificación para o efecto do xuíz de menores ou do Ministerio Fiscal, conforme establece o artigo 22 desta lei, e tamén espontaneamente os que se consideren como tales. Así mesmo, poderán comparecer as compañías aseguradoras que se teñan por partes interesadas, dentro do prazo para o exercicio da acción de responsabilidade civil. No escrito de comparecencia, indicarán as persoas que consideren responsables dos feitos cometidos e contra as cales pretendan reclamar, abondando coa indicación xenérica da súa identidade.

3.^a O xuíz notificaralles ó menor e ós seus representantes legais, de se-lo caso, a súa condición de posibles responsables civís.

4.^a Unha vez constituídos en parte os presuntos prexudicados e responsables civís, o xuíz de menores dictará auto polo que se acorda o inicio do procedemento, no que se sinalarán as partes demandantes e demandadas, segundo o que solicitasen os demandantes e se desprenda do expediente, e concederelles un prazo de dez días ós demandantes para presentaren un escrito coas súas pretensións e proporen a proba que consideren necesaria, incluída a confesión en xuízo e a de testemuñas.

5.^a Transcorrido este prazo, o xuíz de menores darálles traslado do escrito ós demandados, os cales nun prazo de dez días deberán contestar a demanda e propor á súa vez a proba que consideren necesaria.

6.^a O xuíz, tan pronto como teña no seu poder os escritos duns e doutros, convocará os demandantes e os demandados a unha vista oral na que aqueles e estes, pola súa orde, exporán as súas pretensións e as súas alegacións sobre todo aquilo que consideren relevante para o obxecto do proceso. No mesmo acto admitiranse as probas pertinentes e practicaranse as probas propostas. Non poderá rexeitarse a confesión en xuízo ou a proba testifical polo feito de teren sido xa practicadas no expediente principal.

7.^a O xuíz, de oficio, mandará unir ós autos aqueles particulares do expediente do procedemento de menores e das actas da audiencia que considere relevantes para a súa decisión.

8.^a Unha vez realizada a audiencia no procedemento de menores e dictada sentenza ou recaída outra resolución definitiva, o xuíz dictará sentenza civil absolvendo os demandados ou declarando os responsables civís, co contido indicado no artigo 115 do vixente Código penal.

9.^a Contra a sentenza indicada no parágrafo anterior caberá recurso de apelación ante a sala de menores do Tribunal Superior de Xustiza, que se substanciará polos trámites da apelación regulados na Lei de axuízamento civil que pola contía corresponda. Unha vez firme a sentenza, poderá ser executada de acordo coas normas do Código penal e da citada Lei de axuízamento civil.

10.^a A sentenza dictada neste procedemento non producirá forza de cousa xulgada, quedando a salvo o dereito das partes para promoveren xuízo ordinario sobre a mesma cuestión, no cal se considerarán feitos probados os feitos que o xuíz de menores coidase acreditados, así como a participación do menor.

11.^a Na peza de responsabilidade civil non se precisa letrado nin procurador, pero, se for solicitado, designaráselle letrado de oficio ó presunto responsable. Os representantes legais do menor poderán ser defendidos polo letrado designado ó menor no procedemento principal, se así o aceptar aquel.

Disposición adicional primeira. *Aplicación na xurisdicción militar.*

O disposto no artigo 4 desta lei aplicaráselles ós que cometesen delictos ou faltas dos que deba coñecerla xurisdicción militar, conforme o que se estableza sobre o particular nas leis penais militares.

Disposición adicional segunda. *Aplicación de medidas en casos de risco para a saúde.*

Cando os xuíces de menores aplicaren algunha das medidas terapéuticas ás que se refiren os artigos 5.2, 7.1 e 29 desta lei, en caso de enfermidades transmisibles ou doutros riscos para a saúde dos menores ou de quen con eles conviva, poderán encomendarlles ás autoridades ou servicios de saúde correspondentes o seu control e seguimento, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.

Disposición adicional terceira. *Rexistro de sentencias firmes dictadas en aplicación do disposto nesta lei.*

No Ministerio de Xustiza levarase un rexistro de sentencias firmes dictadas en aplicación do disposto nesta lei, cuns datos que só poderán ser utilizados polos xuíces de menores e polo Ministerio Fiscal para efectos do establecido nos artigos 6, 30 e 47 desta lei, tendo en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas disposicións complementarias.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Ós feitos cometidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei polos menores suxeitos á Lei orgánica 4/1992, do 5 de xuño, sobre reforma da Lei reguladora da competencia e o procedemento dos xulgados de menores, que se derroga, seralles de aplicación a lexislación vixente no momento da súa comisión. Os que estiveren cumprindo unha medida das previstas na citada Lei orgánica 4/1992 continuarán este cumprimento ata a extinción da responsabilidade nas condicións previstas na dita lei.

2. No momento da entrada en vigor desta lei, cesará inmediatamente o cumprimento de tódalas medidas previstas na Lei orgánica 4/1992, que estiveren cumprindo persoas menores de catorce anos, extinguíndose as correspondentes responsabilidades.

3. Ós menores de dezoito anos, xulgados consonte o disposto no Código penal de 1973, nas leis penais especiais derogadas ou na disposición derogatoria do Código penal vixente, ós que se lles impuxese unha pena de dous anos de prisión menor ou unha pena de prisión superior a dous anos, que estiveren pendentes de cumprimento no momento da entrada en vigor desta lei, estas penas seranlles substituídas por algunha das medidas previstas nesta lei, por instancia do Ministerio Fiscal, logo do informe do equipo técnico ou da correspondente entidade pública de protección ou reforma de menores. Para tal efecto, deberáse dar traslado ó Ministerio Fiscal da executoria e da liquidación provisional das penas impostas ós menores comprendidos nos supostos previstos neste número.

4. Se, nos supostos ós que se refire o número anterior, a pena imposta ou pendente de cumprimento fose de prisión inferior a dous anos ou de calquera outra natureza, poderáselle impor ó condenado unha medida de liberdade vixiada simple polo tempo que lle faltase de cumprimento da condena, se o xuíz de menores, por petición do Ministerio Fiscal e oídos o letrado do menor,

o seu representante legal, a correspondente entidade pública de protección ou reforma de menores e o propio sentenciado, o considerase acorde coa finalidade educativa que persegue a presente lei. Noutro caso, o xuíz de menores poderá ter por cumprida a pena e extinguida a responsabilidade do sentenciado.

5. As decisións do xuíz de menores a que se refiren os números anteriores adoptaranse en auto recorrible directamente en apelación, no prazo de cinco días hábiles, ante a sala de menores do correspondente Tribunal Superior de Xustiza.

6. Nos procedementos penais en curso no momento da entrada en vigor desta lei, nos que haxa imputadas persoas pola comisión de feitos delictivos cando aínda non cumprisen os dezoito anos, o xuíz ou tribunal competente remitiralle as actuacións practicadas ó Ministerio Fiscal para que instrúa o procedemento regulado nela.

Se o imputado o for por feitos cometidos cando era maior de dezoito anos e menor de vinteun, o xuíz instructor acordará o que proceda, segundo o disposto no artigo 4 desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Dereito supletorio.*

Terán o carácter de normas supletorias, para o non previsto expresamente nesta lei orgánica, no ámbito substantivo, o Código penal e as leis penais especiais e, no ámbito do procedemento, a Lei de axuízamento criminal, en particular o disposto para os trámites do procedemento abreviado regulado no título III do libro IV desta.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica do poder xudicial e do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.*

1. O Goberno, no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei no Boletín Oficial del Estado, elevará ó Parlamento un proxecto de lei orgánica de reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para a creación das salas de menores dos tribunais superiores de xustiza e para a adecuación da regulación e competencia dos xulgados de menores e da composición da Sala Segunda do Tribunal Supremo ó establecido nesta lei.

2. O Goberno, no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei no Boletín Oficial del Estado, elevará ó Parlamento un proxecto de lei de reforma da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, co fin de adecuarla organización do Ministerio Fiscal ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Reformas en materia de persoal.*

1. O Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as comunidades autónomas afectadas, no prazo de seis meses desde a publicación desta lei no Boletín Oficial do Estado adoptará as disposicións oportunas para adecuarla planta dos xulgados de menores e os cadros de persoal das carreiras xudicial e fiscal ás necesidades orgánicas que resulten da aplicación do disposto nesta lei.

2. As prazas de xuíces de menores deberán ser servidas necesariamente por maxistrados pertencentes á carreira xudicial. No momento da entrada en vigor desta lei os titulares dun xulgado de menores que posúan a categoría de xuíz deberán cesar neste cargo, quedando, de se-lo caso, na situación que prevé o artigo 118.2 e concordantes da vixente Lei orgánica do poder xudicial, procedéndose a cubrir tales prazas por concurso ordinario entre maxistrados.

3. O Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, e as comunidades autónomas con competencia na materia, a través das correspondentes consellerías, adecuarán os cadros de persoal de funcionarios da Administración de xustiza ás necesidades que presenten os xulgados e as fiscalías de menores para a aplicación desta lei, e determinarán o número dos equipos técnicos adscritos ós xulgados e fiscalías de menores, a súa composición e o cadro de persoal destes.

4. Así mesmo, o Goberno, a través do Ministerio do Interior, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, adecuará os cadros de persoal dos grupos de menores das brigadas de policía xudicial, co obxecto de establecer a adscrición ás seccións de menores das fiscalías dos funcionarios necesarios ós fins propostos por esta lei.

5. O Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas, e no prazo de seis meses desde a publicación desta lei no Boletín Oficial del Estado, adoptará as disposicións oportunas para a creación de corpos de psicólogos e educadores e traballadores sociais forenses.

Disposición derradeira cuarta. *Especialización de xuíces, fiscais e avogados.*

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza, no ámbito das súas competencias respectivas, procederán á formación de membros da carreira xudicial e fiscal especialistas en materia de menores conxuntamente o que se estableza regulamentariamente. Estes especialistas terán preferencia para desempeñar os correspondentes cargos nas salas de menores dos tribunais superiores de xustiza e nos xulgados e fiscalías de menores, conforme o que establezan as leis e regulamentos.

2. En tódalas fiscalías existirá unha sección de menores composta por membros da carreira fiscal, especialistas, coas dotacións de funcionarios administrativos que sexan necesarios, segundo se determine regulamentariamente.

3. O Consello Xeral da Avogacía deberá adoptar as disposicións oportunas para que nos colexios nos que resulte necesario se impartan cursos homologados para a formación daqueles letrados que desexen adquirirla especialización en materia de menores co fin de intervenir ante os órganos desta xurisdicción.

Disposición derradeira quinta. *Cláusula derogatoria.*

1. Derróganse a Lei orgánica reguladora da competencia e o procedemento dos xulgados de menores, texto refundido aprobado por Decreto do 11 de xuño de 1948, modificada pola Lei orgánica 4/1992, do 5 de xuño; os preceptos subsistentes do Regulamento para a execución da Lei orgánica reguladora da competencia e o procedemento dos xulgados de menores, aprobado por Decreto do 11 de xuño de 1948; a disposición transitoria duodécima da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal; e os artigos 8.2, 9.3, a regra 1.^a do artigo 20, no que se refire ó número 2.^o do artigo 8, o segundo parágrafo do artigo 22 e o artigo 65 do texto refundido do Código penal, publicado polo Decreto 3096/1973, do 14 de setembro, conforme a Lei 44/1971, do 15 de novembro.

2. Quedan así mesmo derogadas cantas outras normas, de igual ou inferior rango, se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira sexta. *Natureza da presente lei.*

Os artigos 16, 20, 21, 23 ó 27, 30 ó 35, 37 ó 39, 41, 42 e 61 ó 64, a disposición adicional terceira e

a disposición derradeira terceira desta lei orgánica teñen natureza de lei ordinaria.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor e desenvolvemento regulamentario.*

1. Esta lei orgánica entrará en vigor ó ano da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Na dita data entrarán tamén en vigor os artigos 19 e 69 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

2. Durante o prazo mencionado na alínea anterior, as comunidades autónomas con competencia respecto á protección e reforma de menores adaptarán a súa normativa para a adecuada execución das funcións que lles outorga esta lei.

Polo tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 12 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

955 *REAL DECRETO LEI 1/2000, do 14 de xaneiro, sobre determinadas medidas de mellora da protección familiar da Seguridade Social.* («BOE» 14, do 17-1-2000, e «BOE» 17, do 20-1-2000.)

A Constitución española prevé, no seu artigo 39, que os poderes públicos asegurarán a protección social, económica e xurídica á familia, declaración que está en liña, entre outros, coa Carta Social Europea, que considera a familia como elemento esencial da sociedade, que ten dereito a unha protección, xurídica e económica adecuada, para logralo seu desenvolvemento.

O apoio á familia, ademais de dar cumprimento ás previsións constitucionais, constitúe unha política prioritaria para todo Goberno comprometido coa mellora da calidade de vida dos cidadáns. En tal sentido, a Subcomisión de Estudos do Congreso dos Deputados para analiza-la situación da familia en España instou o Goberno, no marco das súas conclusións, a impulsar unha política integral de apoio á familia.

No marco da protección á familia, o sistema da Seguridade Social prevé unhas prestacións económicas, por fillo a cargo, cunha contía que está en función da idade e das circunstancias dos fillos. Non obstante, no caso de fillos menores de 18 anos, estas prestacións económicas perderon parte do seu significado protector, ó non se actualizaren desde o seu establecemento no ano 1991.

A remediar tal situación responde o contido desta norma, mediante a cal, dunha parte, se procede á revisión, con vixencia desde o primeiro de xaneiro de 1999, das contías das asignacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo menor de 18 anos. Isto producirá que os beneficiarios de tales asignacións económicas teñan dereito a percibir, nun pagamento único, as diferenzas entre os importes que percibiron no devandito exercicio e o que lles corresponde de acordo cos novos importes. De igual modo, procédese a revisar tales asignacións económicas para o exercicio 2000. As medidas anteriores implican dota-las citadas asignacións económicas dunha maior eficacia protectora, dentro dos obxectivos e orientacións de apoio á familia.

Pola súa vez, modifícase o contido protector das prestacións familiares a cargo da Seguridade Social, median-